

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de novembro de 2007

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D^a Elena Maure Noia
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D^a Carmen Silva Rego

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dezanove de novembro de dous mil sete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Figueroa Dorrego.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2061).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 9.11.07 APROBANDO A ASISTENCIA DUNHA DELEGACIÓN OFICIAL Á CONFERENCIA INTERNACIONAL DA SAIL TRAINNING ASSOCIATION EN LIVERPOOL.

Dáse conta do decreto de Alcaldía de data 9.11.07, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

DECRETO

A vista dos compromisos adquiridos por este Concello segundo acordo asinado con data 22 setembro 2005, e en virtude das competencias que me confire a lexislación vixente.

RESOLVO

1º.-Aprobar a asistencia dunha Delegación oficial composta por O Tenente de Alcalde . Sr Dominguez Olveira , O Concelleiro Sr. Lopez Font , o Coordinador da Tenencia de Alcaldía Sr Otero Lamas , e o Xefe de RRPP e Protocolo Sr San Luis Costas a Conferencia Internacional da Sail Training Association que terá lugar en Liverpool os días 15,16,17 e 18 de Novembro , coma representantes da Cidade de Vigo que acollerá a estafía da Regata “Atlantic Challenge” o ano 2009.

2º.-Autorizar a seguinte relación de gastos con cargo o presuposto prorrogado de 2007, que se derivan da participación da Delegación de Vigo na Conferencia Sail Training Association :

Viaxes , estancia , atencions protocolarias da Delegación Ofiial de Vigo composta por 4 persoas , por importe de 10.322,46 Euros .

3º.- Que os gastos de locomoción e dietas devengados no devandito evento polos Concelleiros , non quedaran suxeitos ó previsto no R D 236/88 e seran sufragados con cargo os presupostos municipais, coa conseguinte xustificación.

4º.- Que, en consecuencia , se libre a xustificar a nome D Avelino San Luis Costas , con D N I 35.9466.375 C a cantidade 10.322,46 E, que deberán ser ingresados na conta habilitada de Alcadia nº : 2080-0000-0040246826-72.

5º.- Do presente Decreto darase conta a Xunta de Goberno Local .

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

2(2062).- RATIFICACIÓN DA SUBSCRICIÓN DUN CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERGAS E O CONCELLO DE VIGO PARA O CONFINANCIAMENTO DO PROGRAMAS DE PREVENCIÓN EN DROGODEPENDENCIAS. EXPTE. 26408/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Acción Social, do 31.10.07, conformado pola concelleira delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Ratificar a subscrición dun convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e o Concello de Vigo para o cofinanciamento de programas de prevención en drogodependencias, asinado o 1 de xullo de 2007 e cunha vixencia ata o 30 de xuño de 2008.

3(2063).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE DOMINIQUE VISSE-LE NUOVE MUSICHE PARA FESTIVAL DE MÚSICA “ARE MORE” 2007. EXPTE. 10531/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Actividades Culturais, do 12.11.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que de seguido se transcribe, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, de acordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, do concerto de *DOMINIQUE VISSE&LE NUOVE MUSICHE*, dentro do *Festival de Música Are-More 2007*, o día 27 de novembro, ás 21,00 horas, na Parroquia-Santuario María Auxiliadora.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 24.497,20.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura vixente para o presente exercicio, en concepto da contratación do

referido espectáculo e que se aboará a ALEJANDRO ARNÁIZ MÉNDEZ, con NIF 36.074.726-P.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DOMINIQUE VISSE&LE NUOVE MUSICHE

En Vigo, o XXXXXXXXXX de novembro de dous mil sete.

Dunha parte D. Xesus López Carreira, en calidade de concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Alejandro Arnáiz Méndez, NIF 36074726-P, que actúa en representación de si mesmo, e con domicilio en Ames (A Coruña), Urbanización Las Mimosas, A-12, CP 15895; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto de DOMINIQUE VISSE&LE NUOVE MUSICHE, no sucesivo O ARTISTA, o martes 27 de novembro de 2007, ás 21,00 horas, no recinto denominado Parroquia-Santuario “María Auxiliadora”, co elenco e programa que figuran no anexo II do presente contrato. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos.

Este concerto inclúese no FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO “ARE-MORE” 2007, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO, sempre antes do día 20 de novembro de 2006.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 21.118,28.- Euros máis 3.378,92.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 24.497,20.-Euros (vintecatro mil catrocentos noventa e sete euros con vinte céntimos), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademáis dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza. O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Alejandro Arnáiz Méndez NIF 36.074.726-P, que se lle entregará momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de produción), publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación é de acceso libre e gratuíto até completar o seu aforamento

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2007 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN CAIXAGALICIA, a Consellería de Cultura e Deportes da XUNTA DE GALICIA e a SA Xestión do Plan Xacobeo, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos

materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as dúas horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE CONDICIÓN TÉCNICAS

1. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN.

Non se precisa equipo de son; o de iluminación será por conta da AXENCIA.

1.3 RECINTO E INSTALACIÓNS.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.

- camerinos
- saída ao escenario
- pasillos entre camerinos e escenario

3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Non se precisan

4. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA dun camerino de uso exclusivo, aillados do público, próximo ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requiran.

5. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, cafés e/ou infusións e fruta.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

6. VEHÍCULOS.

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.

7. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persoa para a súa atención e venda.

8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

8.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de

producción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

8.2. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

8.3. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

9. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos e pasillos
- acceso ao escenario e “backstage”

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por DÚAS persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

10. ACTUACIÓN E ENSAIO.

10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

10.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos, non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes do concerto. Nese momento entrará en

funcionamiento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

11. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos..., programa completo), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO II

PROGRAMA MUSICAL

Josquin des Prez
(ca. 1440 - 1521)

Douleur me bat

Loyset Compère
(ca. 1440 - 1518)

*Nous sommes de l'ordre
de Saint Babouyn*

Josquin des Prez

Mille regretz

Luis de Narvaez
(ca. 1500 - 1550)

*La cancion del Emperador:
Mille regres (nach Josquin)*

Jehan de Lafont
Clément Janequin
(ca. 1484 - 1558)

*A ce matin
O doux regard*

Pierre Certon
(ca. 1510 - 1572)

La la la je ne l'ose dire

Paschal de l'Estocart
(ca. 1539 - 1584)

Mondain si tu le scais

Clément Janequin
Claude Lejeune
(ca. 1530 - 1600)

*Tétin refaict plus blanc qu'un œuf
Fantaisie I*

Benedictus (Benoit)
Appenzeller

4(2064).- CONTRATACIÓN DO ESPECTÁCULO “ORFEO Y EURÍDICE” A CARGO DA CÍA “LA MAR DE MARIONETAS” PARA O FESTIVAL DE MÚSICA “ARE MORE” 2007. EXPTE. 10532/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do técnico de Actividades Culturais, do 12.11.07, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 210.b do RD 2/2000, do espectáculo "ORFEO E EURÍDICE" a cargo da compañía La Mar de Marionetas para *Festival de Música Are-More 2007*, os días 2, 3 e 4 de decembro, no Teatro Salesianos.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 36.072,32.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03 do programa presupostario de Cultura vixente para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a MARTA BAUTISTA GARCÍA, con NIF 43259336Q.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA ORFEO E EURÍDICE- LA MAR DE MARIONETAS.

En Vigo, o xxxxxxx de novembro de dous mil sete.

Dunha parte D. Xesus López Carreira, en calidade de concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte Dª. Marta Bautista García, NIF 43259336-Q, que actúa en representación de si mesma, e con domicilio en rúa Rochapea, 34, da cidade de Madrid, CP 28041; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice seis funcións do espectáculo ORFEO E EURÍDICE, a cargo da compañía La Mar de Marionetas, no sucesivo O ARTISTA, que se desenvolverán, no recinto denominado Teatro Salesianos, según o seguinte:

- *PÚBLICO FAMILIAR: 2 de decembro, 16,30 e 19 horas.*
- *CAMPAÑA ESCOLAR: 3 e 4 de decembro, 10 e 12 horas.*

O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos.

Este concerto inclúese no FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO "ARE-MORE" 2007, que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO, sempre antes do día 30 de novembro de 2007.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 31.096,83.- Euros máis 4.975,49.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 36.072,32.-Euros (trinta e seis mil setenta e dous euros con trinta e dous céntimos), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo

técnico e humano necesario, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza. O pagamento deste importe realizarase mediante transferencia bancaria á conta da que é titular A AXENCIA, número 2038.1538.59.3000172373, nos dez días posteriores á derradeira das funcións contratadas, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros (agás o de cancelación para gastos de produción), publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O local da actuación dispón dun aforo de 576 butacas. O CONCELLO porá as correspondentes entradas á venda e será o beneficiario da total recaudación; tamén reservará invitacións protocolarias das que entregará á AXENCIA un máximo de dez (10).

O CONCELLO poderá establecer as condicións de acceso do público ao concerto, que difundirá adecuadamente e que imprimirá na parte posterior da entrada ou invitación.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival de Música de Vigo ARE-MORE 2007 está patrocinado a nivel xeral pola FUNDACIÓN

CAIXAGALICIA, a Consellería de Cultura e Deportes da XUNTA DE GALICIA e a SA Xestión do Plan Xacobeo, polo que os seus logos aparecerán na publicidade xeral.

Así mesmo, este concerto de inauguración contará coa colaboración do Vicerreitorado de Extensión Cultural e Alumnado da Universidade de Vigo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.- O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día 1 de decembro até dúas horas despois da finalización da última das funcións.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de disponibilidad, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste

caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICCIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE CONDICIÓN S TÉCNICAS

1. INSTALACIÓN S E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

O escenario do recinto de actuación ten unhas medidas de 12 metros de fronte por 7,5 metros de fondo.

1.2. ILUMINACIÓN.

O CONCELLO subministrará o material de iluminación necesario para o desenvolvemento do espectáculo e existente no propio teatro, según o rider que figura como anexo II do presente contrato.

1.3 RECINTO E INSTALACIÓN S.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO.

- camerinos
- saída ao escenario (entre caixas)
- pasillos entre camerinos e escenario

3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Non se precisan

4. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA de dous camerinos; todos eles estarán aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requiran.

5. CATERING.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, infusións e fruta.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

6. VEHÍCULOS.

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concerto, os datos necesarios dos vehículos.

7. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persona para a súa atención e venda.

8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

8.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsábel da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsábel da produción estará permanentemente localizábel.

8.2. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

8.3. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

8.4. OUTRO PERSOAL.

Será a cargo do CONCELLO calquer outro persoal necesario para a organización do concerto, como por exemplo: taquilleiros, porteiros, acomodadores.

9. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos e pasillos
- acceso ao escenario e “backstage”
- equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsábeis de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por DÚAS persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

10. ACTUACIÓN E ENSAIO.

10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

10.2. ENSAIO TÉCNICO.

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos, non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS).

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes do concerto. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

11. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos..., programa completo), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

5(2065).- BASES DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2008”. EXPTE. 2355/335.
Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable do 12.11.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Animación Sociocultural do 13.11.07, conformado polo concelleiro de Animación Sociocultural e o titular de Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases que de seguido se transcribe correspondente ó concurso “Vente cos Reis Magos”, e que ten por obxecto seleccionar os nenos/as para acompañar ós Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis.

2º.- Aprobar a convocatoria do concurso para a Cabalgata de Reis do ano 2008”.

BASES DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS”.

1. O obxecto deste concurso é seleccionar a un número de nenos o nenas que estableza a convocatoria anual, para acompañar os Reis Magos, na Cabalgata de Reis, que terá lugar na nosa cidade o día 5 de xaneiro. Os nenos/as serán repartidos en grupos de dez nas tres carrozas reais e unha do Paxe Real.
2. Neste concurso poderán participar tódolos nenos e nenas da cidade que o desexen; a única limitación por motivos de seguridade será a idade: só poderán participar aqueles nados nas datas que establezca a convocatoria. Así mesmo, as nenas e nenos seleccionados en edicións anteriores non poderán tomar parte neste concurso.
3. Para participar só será necesario cubrir o boletín de inscrición que poderán recoller na oficina de Información da lonxa da Casa do Concello. Só se aceptará un boletín por neno/a, sendo eliminados do concurso aqueles que presenten máis de un.
4. As inscricións depositaranse no lugar indicando na convocatoria anual. O prazo de inscrición será o establecido na convocatoria anual.
5. O sorteo realizarase na data e lugar que estableza a convocatoria anual.
6. No sorteo, ademais dos nenos ó nenas seleccionados/as, sacaranse un total de doce suplentes para cubrir posibles baixas ou renuncias.
7. Os pais, nais ou titores dos nenos e nenas agraciados no sorteo deberán, trala comunicación da Concellaría Animación Sociocultural, asinar a pertinente autorización e acreditar, mediante a presentación do libro de familia, non só a idade senon, a paternidade ou maternidade, ou tutoría, no seu caso. De ser o caso, poderán asinar a renuncia.
8. O Concello de Vigo ofrecerá ós nenos e nenas seleccionados un disfraz, que entregarán unha vez finalizada a cabalgata.
9. O Concello de Vigo disporá dunha póliza que cubra a responsabilidade civil polos danos que os nenos ou nenas poideran sufrir ou provocar con ocasión desta acción.
10. O concelleiro de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posibles eventualidades que poidan xurdir no desenvolvemento deste concurso e que non estean previstas nestas bases.
11. O prazo de vixencia destas bases establecese ata o 6 de xaneiro do ano 2011.
12. Con carácter anual, aprobarase a convocatoria do concurso, a cal establecerá:
 - Número de nenos e nenas seleccionados.
 - Data de nacemento dos seleccionados.
 - Lugar de presentación da solicitude.
 - Prazo de presentación das solicitudes.
 - Data do sorteo.

CONVOCATORIA DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2008”

1. O obxecto da convocatoria e seleccionar a coarenta nenos e nenas para acompañar os Reis Magos na Cabalgata de Reis 2008.
2. Neste concurso poderán participar tódolos nenos e nenas da cidade nados entre o 1 de xaneiro de 1995 e o 31 de decembro de 1999, ambos inclusivos.
3. As solicitudes poderán depositarse nun buzón da Carpa Máxica do Carteiro instalada na Praza do Rei ou no buzón itinerante que levará o Carteiro Real nas súas visitas polos barrios e parroquias da nosa cidade.
4. O prazo de inscrición comezará o día 10 de decembro e finalizará as 20,00 horas do día 19 de decembro.
5. O sorteo realizarase o día 21 de decembro, ás 12,00 horas na Casa do Concello.

6(2066).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTI-FIC.	REINT.	S/FAVOR
ALONSO FERRAGUD SANTIAGO	47650	472,00	472,00	----	----
BERNARDEZ GIL SELA	29088	6.000,00	5.959,84	40,16	----
CASTILLO MARTIN CARMELO	27509	500,00	146,40	353,60	----
CASTILLO MARTIN CARMELO	55931	154,26	154,26	----	----
CASTILLO MARTIN CARMELO	55932	141,74	141,74	----	----
CEA NOGUEIRA XOSE LOIS	16274	6.923,00	2.553,59	4.369,41	----
ESPADA RE CAREY LUIS	46793	12.000,00	12.000,00	----	----
ESPADA RE CAREY LUIS	46795	6.130,20	6.130,20	----	----
GOMEZ JANEIRO MARIA	53881	36,83	36,83	----	----
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	33717	5.800,00	5.800,00	----	----
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	41759	106.534,35	106.060,10	474,25	----
GONZALEZ DOMINGUEZ LUZ MARIA	48280	27.748,32	27.748,32	----	----
LOPEZ CUESTA ISABEL	23867	28.000,00	28.000,00	----	----
LOPEZ MOURE JESUS	57327	2.088,00	2.088,00	----	----
LOPEZ MOURE JESUS	57329	5.800,00	5.800,00	----	----
PINTADO GARCIA CARMEN	06005	1.000,00	985,30	14,70	----
PINTADO GARCIA CARMEN	26812	7.000,00	6.998,79	1,21	----
PINTADO GARCIA CARMEN	26813	1.000,00	864,34	135,66	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	32533	425,20	425,20	----	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	33271	300,00	155,85	144,15	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	34394	780,00	360,00	420,00	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	36506	3.250,00	3.211,93	38,07	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	41831	400,00	400,00	----	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	41832	132,16	163,71	----	31,55
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	41834	160,02	160,02	----	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	50903	690,00	690,00	----	----
RODRIGUEZ LAGOA ELISA	60027	964,63	964,63	----	----
SAAVEDRA RODRIGUEZ JESUS	19696	8.694,49	8.694,49	----	----
SALVADORES CANEDO TERESA	45381	5.000,00	2.446,22	2.553,78	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	41388	180,00	168,02	11,98	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	41404	300,00	107,51	192,49	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	41405	300,00	285,68	14,32	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	44586	570.748,00	570.747,40	0,60	----
SAN LUIS COSTAS AVELINO	46832	188.000,00	187.892,00	108,00	----
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	21614	3.000,00	304,33	2.695,67	----
VIEITES ALEN JOSE MANUEL	55986	33,83	33,83	----	----
		1.000.687,03	989.150,53	11.568,05	31,55

7(2067).- PROXECTO DE MELLORA AMBIENTAL E DA ACCESIBILIDADE DO AREAL DO CARRIL (ALCABRE-VIGO). EXPTE. 5171/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico supervisor de Medio ambiente, Sanidade e Consumo, do 14.11.07, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, que di o seguinte:

I. En data 25.10.2007, o técnico de Admón. Xeral do Departamento de Medio Ambiente emitiu informe-proposta relativo ó expediente de referencia no que se propoñía aprobar o «Proxecto de mellora ambiental e da

accesibilidade do areal do Carril (Alcabre-Vigo)» redactado polo enxeñeiro de CC.CC e PP. D. Sergio Franco Bastianelli («Ingebaires, S.L.»), por encargo da concellería de Medio Ambiente, os pregos de cláusulas administrativas e técnicas que rexerían o concurso público e o gasto derivado desta contratación.

II. Debido ó grave deterioro ambiental que afecta a este ámbito do espazo litoral, CÓMPRE QUE A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN SEXA CON CARÁCTER URXENTE, a fin de solucionar antes do período invernal os problemas de escorrentía de pluviais detectado, que provoca un importante arrastre de terras cara ao areal e, consecuentemente, unha progresiva degradación e redución da súa superficie. Estas circunstancias xustifican dabondo, a xuízo do técnico que subscribe, a tramitación urxente do expediente, de acordo co que en tal sentido se prevé nos artigos 70, 71 e concordantes do TRLCAP e no artigo 322 da LALGA.

II. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, polo que antecede, propónse á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar o «Proxecto de mellora ambiental e da accesibilidade do areal do Carril (Alcabre-Vigo)» redactado polo enxeñeiro de CC.CC e PP. D. Sergio Franco Bastianelli («Ingebaires, S.L.»), por encargo da concellería de Medio Ambiente.

SEGUNDO: Aprobar os Pregos de cláusulas administrativas e técnicas que rexerán o concurso público, procedemento aberto, para a contratación das obras incluídas no citado proxecto.

TERCEIRO: Declarar a urxencia na tramitación deste expediente de contratación, dada a necesidade de acelerar o proceso de adxudicación polas razóns de interese público indicadas no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste acordo.

CUARTO: Autorizar o gasto derivado desta contratación, por importe total de 138.683,73 €, IVE incluído, que será financiado con cargo á partida 4450.601.00.03 (Modificación de crédito nº 110/07; Proxecto nº 07445003).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(2068).- AXUDA ECONÓMICA A D. JOSÉ FÉLIX FERREIRO PARA TAXI ADAPTADO-EUROTAXI. EXPTE. 74097/140.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Transporte, do 17.10.07, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a D. José Félix Ferreiro Rodríguez, titular da licenza nº 78, con DNI 36.107.430-Y, a cantidade de 6000 €, como adxudicatario dun vehículo adaptado EUROTAXI, en concepto de axuda económica concedida polo IMSERSO, para a adquisición do citado vehículo, unha vez acreditada a adquisición do vehículo e a súa adaptación, con cargo á partida 2220.770000.

2º.- Transferir dita cantidade á empresa Fundosa Accesibilidade, S.A., de conformidade coa cláusula III do Convenio asinado en data 19 de decembro de 2005 entre o IMSERSO, a Fundación ONCE e o Concello de Vigo e de acordo co documento de cesión asinado en data 31 de xaneiro de 2007 por D. José Félix Ferreiro Rodríguez, titular da licenza nº 78, no cal cede a Fundosa Accesibilidade, S.A, en calidade de empresa subministradora de vehículos adaptados, o dereito de cobro do importe da cofinanciación obtida para a adquisición do vehículo marca CITROEN, modelo C8 2.0 HDI 138.

9(2069).- AXUDA ECONÓMICA A D. JUAN JOSÉ IGLESIAS MARTÍNEZ PARA TAXI ADAPTADO-EUROTAXI. EXPTE. 74098/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa de Transporte, do 17.10.07, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a D. Juan José Iglesias Martínez, titular da licenza nº 517, con DNI 36.040.806-J, a cantidade de 6000 €, como adxudicatario dun vehículo adaptado EUROTAXI, en concepto de axuda económica concedida polo IMSERSO, para a adquisición do citado vehículo, unha vez acreditada a adquisición do vehículo e a súa adaptación, con cargo á partida 2220.770000.

2º.- Transferir dita cantidade á empresa Fundosa Accesibilidade, S.A., de conformidade coa cláusula III do Convenio asinado en data 19 de decembro de 2005 entre o IMSERSO, a Fundación ONCE e o Concello de Vigo e de acordo co documento de cesión asinado en data 24 de maio de 2007 por D. Juan José Iglesias Martínez, titular da licenza nº 517, no cal cede a Fundosa Accesibilidade, S.A, en calidade de empresa subministradora de vehículos adaptados, o dereito de cobro do importe da cofinanciación obtida para a adquisición do vehículo marca CITROEN, modelo C8 PREMIER 2.0 HDI 138.

10(2070).- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DA ASISTENCIA DE D. FRANCISCO J. GUTIÉRREZ ORÚE A XORNADAS SOBRE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN, EN LUGO E XIXÓN. EXPTE. 3370/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da Unidade de Persoal, do 22.10.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 6.11.07, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o desprazamento ao Concello de Xixón do funcionario Francisco J. Gutiérrez Orúe dende o día 26 ao 30 de novembro

2º.- Autorizar o gasto que liberarase mediante libramento a xustificar polos importes de 413,48 € da partida 4631 2300100 de dietas e de 202,92 € da partida 4631 2310000 de desprazamento a nome do funcionario Francisco J. Gutiérrez Orúe, co DNI número 13.894.232-R.

3º.- O pagamento farase efectivo a través da conta restrinxida de pagos da pagadoría da tesourería municipal aperturada na entidade de depósito Caixanova co número 2080/0000/72/0040287905.

11(2071).- PRÓRROGA DO SERVIZO PARA A EXECUCIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO EN DEPENDENCIAS CULTURAI E EXPOSICIÓNS. EXPTE. 10524/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.11.07, dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, do 12.11.07, conformado polo concelleiro de Cultura, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 07-11-2005, se adxudicou ó concurso para a execución dos servizos de atención ó público en dependencias culturais e exposicións á empresa Servicios Securitas, S.A..

Na cláusula 5 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu á contratación establecíase como prazo do contrato o de dous anos. O contrato iniciouse o día 15-11-2005. Na mesma cláusula prevíase a

posibilidade de prorroga-lo contrato por periodos anuais ata un máximo de duas prorrogas.

O xefe do servizo de Cultura e o Director de Verbum-Casa das Palabras en informe de 09-11-2007 consideran que debe realizarse a primeira prorroga do contrato.

A vista das anteriores consideracións propónse á Xunta de Goberno Local, previo Informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Autoriza-la prorroga para o periodo comprendido entre o 15-11-2007 ó 14-11-2008 do contrato para a execución dos servizos de atención ó público en dependencias culturais e exposicións adjudicado á empresa Securitas Servicios, S.A. por acordo da Xunta de Goberno de 07-11-2005.

2º.- O importe da prorroga será de 271.110,30 euros, sen perxuízo das revisións de prezos que procedan, e se imputaran á partida 4510.227.06.14 de acordo coa seguinte distribución: 33.888,80 euros no ano 2007 e 237.221,50 euros no ano 2008.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(2072).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A ECOPLANIN XESTIÓN E INFORMACIÓN AMBIENTAL S.L. EXPTE. 2021/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do técnico supervisor de Medio Ambiente, do 6.11.07, o informe do interventor xeral, do 7.11.07, e de acordo co informe-proposta do xefe de Negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a Ecoplanin Xestión e Información Ambiental S.L. a fianza de 4.720 € constituída para responder do “servizo de salvamento e socorrismo en praias 2003” xa que foi executado conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

13(2073).- RECLAMACIÓN DE D. JOSÉ LUIS BASTOS REY DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 589/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 29.10.07, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Don José Luis Bastos Rey presenta en data 6 de xullo de 2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos causados a consecuencia dun accidente de tráfico acaecido o 11 de xaneiro de 2003 na rúa Cantabria de Vigo, resolución que lle foi notificada o 7 de xuño de 2007.

Fundamentos:

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de interposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.- O recurso fundaméntase sinteticamente en que estima contraria a dereito a resolución que se recorre por canto: a actividade probatoria documental foi efectiva e suficiente para acreditar os feitos, non negándose a existencia dunha fina capa de xeo formado polas baixas temperaturas na calzada na data, quedando probada a influencia do xeo como causa do accidente sen que existise ningunha advertencia ós condutores do risco, o que demostra un descuido na súa conservación e mantemento, e non se tiveron en conta circunstancias do día e momento do accidente como o informe médico de urxencias no que se fai constar día e hora do sinistro: rúa Cantabria, en Vigo, a 11 de xaneiro de 2003 sobre las 11:20 horas, sendo trasladado dende alí en ambulancia para ser atendido das súas lesións. Tamén que a fase de audiencia previa realizouse pese o que se di o contrario

na resolución que se recorre, que foi trasladado ó Servizo de urxencias 10 minutos antes da chegada da Policía local e por iso non consta o seu nome, e que a súa motocicleta sufriu numerosos danos que foron orzamentados en 1.284,77 euros achegando ó efecto fotocopia simple del. Atópase así mesmo disconforme coa valoración médica efectuada.

Terceiro.- Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, como así se esixe no artigo 107 do citado texto legal. Nos fundamentos de feito consta que en trámite de audiencia non se fixeron alegacións cando o certo é que se fixeron mediante escrito de 7 de maio de 2007. Trátase dun simple erro material sen trascendencia xurídica ningunha (artigo 63.2 Lei 30/1992) por canto non houbo infracción de norma procedemental que xerase indefensión ó recorrente: as alegacións en trámite de audiencia tivéronse en conta á hora de ditar a resolución que se recorre e o fundamental é que se coñeza a razón esencial da decisión administrativa coa amplitude precisa para a adecuada posíbel defensa do interesado no procedemento (STS 02/10/1977), que é o que acontece neste suposto por canto a motivación como instituto xurídico non significa un recoñecemento exhaustivo e detallado dos feitos senón a especificación dunha causa, isto é, a adecuación do acto ó fin perseguido mediante a fixación dos feitos determinantes da resolución, a súa subsunción nunha norma, e unha especificación sucinta das razóns polas que esta se deduce (STS 10/03/2003).

Cuarto.- Nos expedientes de responsabilidade patrimonial é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos intervinientes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle ó interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento de servizo. Nin na instancia nin nesta vía de recurso hai proba bastante ó efecto.

Di o recorrente que na resolución que se recorre non se nega a existencia de xeo na calzada da rúa Cantabria o día 11 de xaneiro de 2003, o que é certo. Do parte de servizo da Policía local de Vigo desa data resulta constatado tal extremo nesa data e en posteriores, non así en anteriores días, pero o que non se proba en absoluto é que o accidente do ciclomotor, que non de motocicleta, acaecido con anterioridade á súa chegada teña ningunha relación coa asistencia médica que recibiu o reclamante, asistencia médica acreditada coa asistencia en urxencias e non co parte de ambulancia como se refire no escrito de recurso, e no que se refire a un accidente de tráfico obviamente segundo manifestacións do propio interesado sen que conste a rúa onde tivo lugar.

En todo caso, respecto á formación de xeo nas estradas e a súa incidencia como causa eficiente nos expedientes de responsabilidade patrimonial hai xurisprudencia menor (STSJ Navarra 21.6.2002 e 20.2.2002.) que di que se ben se debe mediante os servizos de limpeza viaria proceder a evitar os efectos propios do xeo, a intervención destes servizos non pode xurdir por xeración espontánea sempre que se produce un descenso de temperaturas, que ante unha vía pública que non forma parte da rede principal non pode ser esixíbel á administración ante a aparición do xeo unha tan pronta intervención como a que esixiría a pretensión do actor, xa que é un fenómeno meteorolóxico común a aparición de xeo en período invernal, sen nin tan sequera deber sinalizar este evento en vías secundarias, e ante este feito o condutor debe atemperar a circulación ás condicións de tempo e lugar que este evento climático fan esixíbel.

Non obstante o anterior, e substancial neste expediente a falta de proba de que o accidente á que se refire o reclamante tivese lugar precisamente no lugar e no modo que se indica, por canto correspondéndolle a el dita proba soamente achega manifestacións persoais ó efecto, non resultando suficiente o parte de servizo da policía local da data, non só porque a policía local non foi testemuña presencial do accidente descoñecendo as circunstancias nas que tivo lugar, senón porque non se identifica a persoa accidentada, e no parte se fai expresa referencia a un ciclomotor, vehículo claramente diferente dunha motocicleta do peso e motor da do reclamante e que dada a cualificación profesional dos axentes actuantes non cabe entender confusión. Neste sentido a sentenza do Tribunal Supremo núm. 639/2000, do 24 de xuño que o propio reclamante achega como documento nº 4 di que a necesidade dunha cumprida demostración do nexo causal non pode quedar desvirtuada por unha posíbel aplicación da teoría do risco ou da inversión da carga da proba, por canto o como e porque se produciu o accidente seguen constituíndo elementos indispensábeis na identificación da causa eficiente do evento danoso, e no suposto que enxuíza non houbo testemuñas presenciais nin hai outro material probatorio do que poidan concluírse obxectivamente os feitos, tal e como acontece neste suposto, polo que desestima a demanda.

Quinto.- Consonte co art. 116 da Lei 30/1992, é competente para resolver este recurso a Xunta de Goberno Local ó tratarse do órgano que ditou a resolución impugnada.

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por don José Luís Bastos Rey contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 31 de maio de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor de lesións causadas nun accidente de tráfico na rúa Cantabria e confirmar a devandita resolución integramente.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(2074).- CONTRATACIÓN DE DOUS ORDENANZAS-PORTEIROS POLO PERÍODO DE TRES MESES. EXPTE. 17821/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, do 14.11.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Con data 27 de novembro do 2007 actual, a Xefa de Conserxería, dona Teresa Vaqueiro Herbelo, solicita a contratación de dous ordenanzas para paliar as baixas por enfermidade e recentes xubilacións do persoal de Conserxería.

En base as referidas peticións e instrucción do Concelleiro da Área de Xestión Municipal, o Servizo de Persoal procede a tramitación do correspondente expediente para a contratación urxente por acumulación de tarefas de dous subalternos que serán adscritos ós Servizo de Conserxería.

Nas bases da última oferta de emprego correspondente o ano 2005 (DOGA nº 224, do 21 de novembro do 2006, prevíase nas bases xerais “outras disposicións comúns” a posibilidade de confeccionar unha lista de substitucións cos aspirantes que, non habendo superado a oposición, tivésen aprobado todos as probas de que constou aquela.

Aos efectos da cobertura destes postos de alguacil-notificador e ordenanzas e tendo en conta o anteriormente exposto, serán chamados os dous aspirantes da referida lista, según a acta do tribunal calificador de data 19 de xuño do 2007, (da que se adxunta copia) e que lles corresponde por orde de puntuación e que acepten expresamente unha eventual contratación temporal por circunstancias da produción por acumulación de tarefas.

Consecuentemente, deben entenderse cumprimentados e darse por respetados os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder a súa contratación laboral eventual, xa que as citadas/os candidatas/os superaron os exercicios da oposición para a cobertura de sete prazas de subalterno na derradeira OEP do 2005 e non se incurre en contratación laboral fraudulenta.

Ó abeiro do disposto no artigo 35 do RD 364/95, de 10 de marzo, polo que se establece o Regulamento xeral de ingreso do persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, de aplicación supletoria para o persoal da Administración local (artigo 1.3), poderáse proceder á contratación de persoal laboral non permanente para a realización de traballos que non poidan ser atendidos por persoal laboral fixo.

O procedemento selectivo para a contratación de persoal laboral non permanente carece dunha regulamentación legal específica, non séndolle de aplicación os requisitos formais establecidos nos artigos 28 a 33 do RD 364/95, por canto se refiren exclusivamente á cobertura de postos reservados ó persoal laboral fixo de novo ingreso, isto e, aqueles que figuran incluídos no cadro de persoal (artigo 15.1.f) da Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública), e que deben formar parte da oferta de emprego público.

A modalidade contractual que se considera oportuno elixir -contrato por acumulación de tarefas-, está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro) e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses dentro do período máximo de 12 meses.

Autorízase esta contratación sin prexuízo do disposto no artigo 15.5 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores en nova redacción dada polo Real Decreto-Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño do 2006) en canto a prohibición legal do encadenamento de contratos laborais temporais.

O importe das contratacións de dous subalternos, por un periodo de tres meses, ascende a un total de 12.551.- €.

Códigos dos postos de Traballo e Servicios a efectos retributivos:

- Cód. 155-Ordenanza-Porteiro,e
- Cód. Servicio Conserxería: Cod. 201:

Coste total de dous ordenanzas mais por 3 meses:12.551.- Euros

Dacordo co seguinte desglose:

- 9.655.- Euros, correspondentes a retribucións básicas, complementarias e p.p.p.extra., con cargo a partida nº 1210.1400000 “Outras modalidades de contratación”.
- 2.896.- Euros, correspondentes a Seguridade Social a cargo do Concello, con cargo a partida nº: 3131.16 00000.

Coste dous Ordenanzas-Porteiros por 3 meses .- Euros.

Básicas	525,57.-
C.D.	307,64.-
C.E.	<u>546,05.-</u>
	1.379,26
P.P.Extra	689,63.-
S,S.Concello	<u>482,74.-</u>

Por isto, de conformidade co disposto no artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, o servizo de persoal propón a Xunta de Goberno Local, previo informe de consignación por Intervención Xeral, a aprobación da seguinte,

PROPOSTA:

Formalización pola Alcaldía Presidencia de dous contratos laborais-temporais coa categoría de ordenanzas-porteiros, a dona M. Angeles Gonzalez Peinado con D.N.I. Nº 36.091.980-N e dona Susana Pena Garcia, con D.N.I. Nº 36.129.838-N, por sé-las aspirantes que figuran na lista de substitucións, recollida na Acta do Tribunal cualificador das prazas de subalternos da OEP do 2005, de data 19 de xuño do 2007, correspondente as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira e dacordo co disposto nas bases xerais, que lle corresponde por orde de puntuación e aceptan unha eventual contratación temporal por circunstancias da produción, por acumulacion de tarefas

O periodo de contratación será de tres meses, en xornada de traballo de mañán ou tarde, indistintamente, cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas, regulado polo R.D. legislativo 1/1995, Estatuto dos traballadores, art 8.2 e 15, Lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, tendo en conta, sempre en tanto non implique superación do límite legal establecido no RD Lei 5/2006, de 9 de xuño, para a mellora do crecemento e do emprego (BOE nº 141, do mércores 14 de xuño de 2006), vixente a tales efectos

dende o pasado 1 de xullo do 2006, para evitar o encadeamento de contratos, que é de 24 meses nun periodo de 30.

Os referidos aspirantes prestarán ós servizos propios da súa categoría profesional nos diferentes servizos municipais, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Ordenanza-Porteiro, da Relación de Postos de traballo vixente, modificada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 23 de decembro de 2005.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(2075).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS EN COMPENSACIÓN ÁS HORAS EN EXCESO REALICADAS POLO PERSOAL SO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS- OOUTUBRO DE 2007.

Dáse conta da resolución do Excmo. Alcalde, adoptada con base no informe da técnica de Recursos Humanos, do 5.11.07, conformado pola xefa da Unidade de Persoal e o concelleiro delegado de xestión municipal, que di o seguinte:

Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de Incendios, aboaranse os traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por D. Carlos Abalde Fernández e remata por D. José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de outubro-2007, por un total de 30.169,79 €, conc argo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-Gratificacións.

16(2076).- AXUDAS ESPECIAIS E SOCIO-SANITARIAS CON CARGO Ó FONDO SOCIAL DOS TRABALLADORES. EXPTE. 17739/220.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os acordos da Comisión do Fondo de Acción Social, adoptados en xuntanza de 1.10.07, o informe de Intervención Xeral, do 8.11.07, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 16.10.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Autoriza-lo abono das seguintes axudas especiais por importe total de 8.095 €. (OITO MIL NOVENTA E CINCO EUROS), ós seguintes traballadores:

<u>NOME E APELIDOS</u>	<u>Nº DNI</u>	<u>Nº PERSOAL</u>	<u>€</u>
<u>Fernández Alonso, José A.</u>	<u>36.037.789</u>	<u>12055</u>	<u>1.838,00</u>
<u>González Alonso, M. Fernanda</u>	<u>35.975.848</u>	<u>17970</u>	<u>240,00</u>
<u>González Rodríguez, Miguel J.</u>	<u>36.036.153</u>	<u>14835</u>	<u>933,00</u>
<u>González Seijo, José A.</u>	<u>36.054.769</u>	<u>78924</u>	<u>700,00</u>
<u>Irigaray López, José.</u>	<u>39.813.099</u>	<u>7189</u>	<u>796,00</u>
<u>Macías Núñez, Manuel</u>	<u>34.704879</u>	<u>10754</u>	<u>1.600,00</u>
<u>SixtoPérez, José M.</u>	<u>35.968.207</u>	<u>5612</u>	<u>1.084,00</u>
<u>Vieites Alén, Mª Dolores</u>	<u>36.101.442</u>	<u>77222</u>	<u>756,00</u>
<u>Vidal Trigo, Antonio</u>	<u>36.026.112</u>	<u>18261</u>	<u>148,00</u>
SUMA TOTAL			8.095,00

Segundo.- Autoriza-lo abono das seguintes axudas socio-sanitarias correspondentes ó presente ano –por reclamacións- por importe total de 1.710,00 €. (MIL SETECENTOS DEZ EUROS), ós seguintes traballadores:

NOME E APELIDOS	Nº DNI	Nº PERSOAL	€
<i>Aguirre Rodríguez, Manuel</i>	36.095.036	16509	435,00
<i>Barciela Fernández, Dorinda</i>	36.041.389	14976	205,00
<i>Comesaña Lago, César</i>	36.015.884	14930	435,00
<i>Costas Fernández, Basilio</i>	35.960.543	10257	435,00
<i>Fernández Besada, Mª Dolores</i>	36.020.726	16656	200,00
SUMA TOTAL			<u>1.710,00</u>

17(2077).- RECOÑECEMENTO DE GRAO PERSOAL A D. MANUEL A. CÓRDOBA ARDAO. EXPTE. 17826/220.

Examinadas as actuacións so expediente, dáse conta do informe proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 8.11.07, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A medio de instancia de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello, 23 de setembro de 2007, D. Manuel Angel Córdoba Ardao, funcionario de carreira desta administración con praza de técnico de administración xeral, actualmente en situación de excedencia voluntaria por interese particular, solicita o recoñecemento o grao persoal correspondente ao complemento de destino 28.

Fundamentos Xurídicos

I.- *De conformidade co establecido nas Disposicións derogatoria única, apartado b) e final cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Emprego Público (B0E nº 89, do vénres 13 de abril de 2007) a regulación xurídica da consolidación do grao persoal recollida no art. 21 da Lei 30/ 1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, está derogada de forma expresa; nembargantes, e toda vez que o sistema retributivo dos empregados públicos se atopa diferido ao posterior desenvolvemento legal e regulamentario que no seu momento se efectúe, parece procedente efectuar unha aplicación directa do art. 62 da lei 11/1988, do 26 de maio da Función pública de Galicia, na redacción dada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e Lei 13/2007, do 27 de xullo, onde se establece a consolidación do grao persoal polo desempeño de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción.*

II.- *Asemade, o acordo do Pleno do Concello de data 2 de marzo de 1998, establece o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais.*

III.- *Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta en canto á aprobación das retribucións do persoal municipal, recollida no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, en redacción dada pola Lei 57/20093, do 16 de decembro de medidas para a modernización do Goberno Local, e previo o preceptivo informe de fiscalización, elevando á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:*

Recoñecer a D. Manuel Angel Córdoba Ardao, funcionario de carreira desta administración con praza de técnico de administración xeral, actualmente en situación de excedencia voluntaria por interese particular, o grao persoal correspondente ao complemento de destino 28, por ter desenvolvido durante máis de dous anos continuados ó posto de Xefe da Unidade de Persoal por resolución de 15 de setembro de 1999, posto superior en dous niveis ó grao inicial (26).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(2078).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE PERSOAL SOBRE A INCORPORACIÓN Ó POSTO DE TRABALLO DE D. RAMÓN VÁZQUEZ RIAL. EXPTE. 17824/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 8.11.07, que di o seguinte:

A medio de escrito de data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello 2 de novembro de 2007, nº documento 70122240, D. Ramón Vázquez Rial, núm. persoal 13273, Inspector Auxiliar de Infraestructuras, adscrito ó Servizo de Vías e Obras, solicita a incorporación ó seu posto de traballo a partir do día 1 de decembro de 2007.

Que por resolución do Concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal de data 11 de setembro pasado autorizouselle un permiso non retribuído ó interesado por un período de tres meses a partir do día 1 de outubro seguinte, de conformidade co previsto no art. 17 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ó servizo do Concello de Vigo.

Por isto, a funcionaria que subscribe, propón ó Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal a adopción do seguinte Resolución:

Primeiro.- Deixar sen efecto o permiso non retribuído de tres meses autorizado por resolución de data 11 de setembro de 2007 a D. Ramón Vázquez Rial, num. Persoal 13273.

Segundo.- Que dito permiso non retribuído pasa a ser de dous meses, que remata o 30 de novembro de 2007.

Terceiro.- Deberá incorporarse ó seu posto de traballo de Inspector Auxiliar de Infraestructuras, adscrito ó Servizo de Vías e Obras, con data 1 de decembro de 2007.

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

19(2079).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL SOBRE O PASE A SITUACIÓN DE SERVIZOS ESPECIAIS DE D. ANTONIO VILLANUEVA GUIMERÁNS. EXPTE. 17823/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 8.11.07, que di o seguinte:

Con data de entrada en Rexistro Xeral deste Concello 5 de novembro de 2007, D. Antonio Villanueva Guimeráns, nº persoal 78152, Técnico de Sistemas, presenta solicitude de pase a situación se servizos especiais por ser incorporado ó servizo activo da Armada pola súa condición de reservista voluntario, segundo resolución 632/02199/06, durante o período do 11 de novembro ó 10 de decembro de 2007, ambos inclusive.

O art. 87.l) da Lei7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que os funcionarios de carreira serán declarados en situación de servizos especiais cando sexan activados como reservistas voluntarios para prestar servizos nas Forzas Armadas, percibindo as retribucións do posto ou cargo que desenvolvan e non as que lle correspondan como funcionarios de carreira, sen prexuízo do dereito a percibir os trienios que teñan recoñecidos en cada momento. O tempo de permanencia en tal situación computaraselle a efectos de ascensos, recoñecementos de trienios, promoción interna e dereitos no réxime de seguridade social que lles sexa de aplicación.

Por outra banda quen se atope en situación de servicios especiais terá dereito ó reingreso ó servizo activo na mesma localidade e condicións coas retribucións correspondentes á categoría nivel ou escalón da carreira consolidados.

Asímesmo o Rd. 1691/2003, de 12 de decembro, polo que se aproba o regulamento de acceso e réxime dos reservistas voluntarios, no seu art. 27 establece os dereitos de carácter laboral.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes propón ó Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a adopción da seguinte resolución:

“Autorizar o pase a situación de servicios especiais de D. Antonio Villanueva Guimeráns, nº persoal 78152, Técnico de Sistemas por ser incorporado ó servizo activo da Armada pola súa condición de reservista voluntario, segundo resolución 632/02199/06, durante o período do 11 de novembro ó 10 de decembro de 2007, ambos inclusive, de conformidade co previsto no art. 87.l) da Lei7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

O concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, coa mesma data, resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

20(2080).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Ó PERSOAL DO OPERATIVO DE PROTECCIÓN DE VÍCTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO CORRESPONDENTE Ó MES E OUTUBRO DE 2007. EXPTE. 17920/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 8.11.07, dáse conta do informe proposta da técnica de Recursos Humanos, do 5.11.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 30 de abril de 2007, adoptou o acordo de ASIGNACIÓN DE COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE Ó PERSOAL DO OPERATIVO DE PROTECCIÓN DE VÍCTIMAS DA VIOLENCIA DE XÉNERO (EXPTE. 17135/220.), dacordo aos seguintes importes, previo informe do xefe do servizo acreditativo de que realizaron as funcións obxecto desta produtividade:

- Cabo: 300 € mensuais
- Axente: 250 € mensuais

O concepto retributivo de produtividade serviría para recompensar ó especial rendemento e dedicación que se lles esixe aos funcionarios participantes, xa que, según o informe do Inspector Xefe da Policía Local de data 28 de novembro de 2006, esta funcións realizanse a maiores do servizo policial que venían desenvolvendo e as veces teñen lugar fora do seu horario de traballo correspondente

De conformidade co disposto no artigo 23.3.c) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a reforma da Función Pública –precepto que ten carácter básico- o complemento de produtividade constitúe un concepto retributivo complementario que ten por obxecto retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa coa que os funcionarios públicos desempeñen o seu traballo

Con data 2 de novembro de 2007 recibese no Servizo de Persoal informe do Inspector Xefe da Policía Local, D Carmelo del Castillo, co conforme do concelleiro delegado da Área , no que se solicita o aboamento da devandita produtividade, correspondente ao mes de outubro, aos funcionarios D. Jose Manuel Vazquez Varela, nº de persoal 18170, Dª Lucia Vidal Lorenzo, nº de persoal 79122, D. Jose Armando Garcia Veiro, nº de persoal 76478, D Pablo Antepazo Brun, nº de persoal 79103, pola realización das funcións propias da EVAP, no

periodo mencionado.

Polo anteriormente exposto, sometese a aprobacion da Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervencion Xeral, a seguinte PROPOSTA:

Recoñecer ao persoal que se relaciona, un complemento de produtividade referido ao mes de outubro de 2007, pola súa participacion na proteccion das victimas de violencia domestica e de xenero segundo os importes que se indican

	NOME	PERIODO SETEMBRO
Cabo	José Manuela Vázquez Varela, nº persoal 18170	300 €
Axente	Lucía Vidal Lorenzo, nº persoal 79122	250 €
Axente	José Armando García Veiro, nº persoal 76478	250 €
Axente	Pablo Antepazo Brun, nº persoal 79103,	250 €

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(2081).- COMPENSACIÓN ECONÓMICA ÓS CHOFERES DA ALCALDIA POR NON DISFRUTAR A XORNADA DE VERÁN DO ANO 2007. EXPTE. 17816/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 8.11.07, dáse conta do informe proposta da técnica de Recursos Humanos, do 5.11.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de Xestión Municipal, que di o seguinte:

O Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, no seu artigo 11 establece que a xornada semanal nos meses de verán entre o 15 de xuño e o 15 de setembro será de 31'15 minutos, o que supón unha redución de unha hora diaria sobre a xornada semanal de 36'15 horas.

Esta previsión é imposible compensala nalgúns servizos por non permiti-lo o réxime de xornada (quendas de 8'00 a 24'00 horas) ou no caso de traballadores que por necesidades do servizo non poden reduci-la súa xornada na temporada estival.

A anterior circunstancia fai preciso que a supresión da redución de xornada se compense con horas extraordinarias para mante-la igualdade entre todo o persoal.

De conformidade coa Disposición Transitoria Sexta.segunda, do vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó servizo do Concello de Vigo, acordouse fixar o valor da hora de redución de xornada de verán naqueles servizos que non a disfrutaron no importe de unha hora extraordinaria normal.

Neste servizo de Persoal recíbese a relacion persoal e importe correspondiente a aboar, correspondentes aos oficiais conductores da Alcaldía, cun importe total de 1373.94 €.

Por isto, e previo informe da Intervención Xeral relativo á consignación e fiscalización do gasto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte, acordo:

"Aboar ó persoal aos oficiais conductores de Alcaldía, D Basilio Costas Fernandez e D Cesareo Rocha Parames un total de 1373.94 €, como compensación por non disfrutar en todo ou en parte da xornada de verán prevista no artigo 11 do vixente acordo regulador.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(2082).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CONSERXERÍA CORRESPONDENTES O 3º TRIMESTRE DE 2007. EXPTE. 17817/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral do 8.11.07, dáse conta do informe-proposta da técnica de Recursos Humanos, do 5.11.07, conformado pola xefa do Servizo de Persoal e polo concelleiro de xestión municipal, que di o seguinte:

Antecedentes.-

Dentro do persoal dependente do Servicio de Conserxería, figuran dous postos de oficial conserxe e a xefa de subalternos, ós que se lle esixe permanentemente un rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo máis alá do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, tal e coma se recolle na Instrucción 3ª, ap. m) sobre Cadro de Persoal e relación de postos de traballo vixentes, BOP, de 7 de xuño de 2005.

Neste caso e fronte ó restante persoal das súas respectivas categorías, concorren as circunstancias contempladas no art. 5 do Real decreto 861/1986, do 25 de abril, para facerse acreedores do complemento de productividade, xa que non contan cun horario fixo, senón que teñen que estar a disposición da Alcaldía, para dar cobertura a numerosos actos e recepcións programados na Casa do Concello, no momento no que sexan requeridos para isto, incluso xornadas en sábado, domingo ou festivo, nocturna, etc.

Con data 4 de setembro e 1 de outubro de 2007, recibese no Servizo de Persoal escritos asinados pola Xefa de Subalternos, Dª Teresa Vaqueiro Herbelo, a Técnica de admón. Especial do servizo de animación sociocultural e festas, Dª Luz Gonzalez Domínguez, o Técnico de Xestión D Jose Nagle Hermida Fernandez e o Concelleiro de Xestión Municipal D Carlos Lopez Font, nos que se informa do número de horas realizadas por D Jose Angel Fernandez Alonso nos meses de Xullo e setembro de 2007 e Dª Teresa Vaqueiro Herbelo nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 2007, para o seu aboamento, de conformidade co disposto na base m) da Instrucción 3ª sobre plantilla e relación de postos de traballo.

De conformidade co disposto no artigo 5 do R.D. 861/86, de 25 de abril, polo que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración local, o complemento de productividade está destinado a retribuí-lo especial rendemento, actividade extraordinaria, e o interese e iniciativa coa que o funcionario desenvolve o seu traballo.

A apreciación da productividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ó mesmo, sen que en ningún caso as contías asignadas por dito complemento devenguen ningún tipo de dereito individual verbo das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As cantidades que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación coma dos representantes sindicais.

Corresponde á Alcaldía Presidencia da Corporación a distribución do complemento de productividade entre os diferentes programas ou áreas e a asignación individual do complemento de productividade, con suxección ós criterios que, de se-lo caso, teña establecido o Pleno, sen prexuízo das delegacións que teña conferidas con arranxo ó establecido na Lei 7/ 85, de 2 de abril.

Na actualidade, a facultade de asignación individual deste complemento retributivo atópase delegada na Xunta de Goberno Local.

A este respecto, as vixentes instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 30 de maio de 2005, en concreto a citada instrucción 3ª m), establece que “con cargo ó complemento de productividade aboarase o especial rendemento e dedicación e a actividade

extraordinaria o persoal adscrito á Conserxería Municipal polas labores, a dispoñibilidade horaria das cales sexa requerida expresamente pola Alcaldía-Presidencia, paraa recompensa-lo especial rendemento e dedicación esixible ó referido persoal, e que colabora cos departamentos de Cultura, Animación Sociocultural e Relacións Públicas dando cobertura e apoio ós actos e recepcións programados na Casa do Concello, celebrados dun xeito extraordinario fora da xornada ordinaria en sábados, domingos e festivos, establécese un complemento de produtividade, con devengo trimestral, en función das horas traballadas, supeditado en todo caso ó informe dos responsables dos referidos servizos, acreditativo do rendemento e dedicación dos traballadores propostos e que fosen autorizados expresamente pola Alcaldía-Presidencia antes da súa realización, sendo a Xunta de Goberno Local a que establecerá a contía e regulación pormenorizada da asignación da produtividade.

O abono efectuarase en función dos días realmente traballados, excluíndose, polo tanto, as baixas por enfermidade ou accidente e as vacacións. Non obstante, consideraránse como traballados os períodos de baixas por accidente de traballo e enfermidade profesional e, os correspondentes a permisos e licencias contidos no acordo regulador de condicións económicas e sociais do persoal ó servizo da Corporación, sempre que a produtividade conte con periodicidade e non se autorice día a día.

A asignación destes complementos retributivos requirirá consignación previa do gasto por parte da Intervención Xeral, así como a ulterior publicación do acordo no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello para coñecemento dos demais traballadores.

En consecuencia, e acreditado o número de horas de prestación de servizos, considerase oportuno recompensar este meritorio rendemento e dedicación permanente, a través dun complemento de produtividade que en certa medida compense o esforzo e dedicación que se lle ven esixindo ós traballadores afectados.

Como promedio obxectivo para a súa asignación, considerase ponderado o abono de 3,39 € a hora normal e 5,65€ a hora festiva no caso da xefa de subalternos e 3,07 € a hora normal e 4,39€ a hora festiva no caso do Sr Fernandez Alonso, cantidades que se aboaran en función das horas en exceso realizadas, resultando as seguintes cantidades:

- M Teresa Vaqueiro Herbelo, nº de persoal 9410, xefa de subalternos por un importe total de 126,00 € pola realización de 22.30 horas festivas
- D Jose Angel Fernandez Alonso, nº de persoal 12055, oficial conserxe, por un importe total de 39,51 € pola realización de 9 horas festivas

Vistos os feitos precedentes e normas legais de anterior invocación, pode informarse que, en principio, concorrerían os supostos necesarios para que o órgano resolutor poidera proceder ó outorgamento deste complemento retributivo, ben entendendo que non se trata dun dereito subxectivo preexistente dos funcionarios, senón dunha retribución complementaria de carácter eminentemente discrecional por parte do órgano resolutor, toda vez que a simple concorrencia dos criterios de asignación aprobados pola Xunta de Goberno Local non poden implicar un devengo automático da produtividade, xa que éstos tan só constitúen os supostos fácticos previos e necesarios para poder aprecia-lo rendemento dos funcionarios propostos, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a seguinte PROPOSTA:

“Aboar ós funcionarios Dª M Teresa Vaqueiro Herbelo, nº de persoal 9410, xefa de subalternos e D Jose Angel Fernandez Alonso, nº de persoal 12055, oficial conserxe, adscritos a Conserxería Municipal, polo especial rendemento e dedicación extraordinaria no desenvolvemento dos seus postos de traballo, mais ala do meramente esixible polo desempeño das súas funcións públicas, de conformidade co regulamentado no artigo 5 do R. decreto 861/86, de 25 de abril, as seguintes cantidades:

- M Teresa Vaqueiro Herbelo, nº de persoal 9410, xefa de subalternos: 126,00 €
- D Jose Angel Fernandez Alonso, nº de persoal 12055, oficial conserxe: 39,51€

Dese traslado da presente resolución ós interesados, ó Comité de Persoal e á Intervención Xeral, debendo expoñerse, así mesmo, no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello por prazo de quince días.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(2083).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS Á REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO CASCO VELLO E BOUZAS. EXPTE. 2758/407.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do acordo do Consello da Xerencia de Urbanismo do 15.11.07, sobre o asunto de referencia, que con base no informe do director da Área de Servizos Centrais, do 12.11.07, na parte dispositiva di:

O Consello, en uso das atribucións conferidas polo artigo 8.m) dos Estatutos da Xerencia, por unanimidade dos asistentes, con 11 votos a favor dos Sres. López Carreira e Mendez Piñeiro do BNG, Comesaña Abalde, Figueroa Vila, Larriba Leira, Molares Pérez e Porro Martínez do PP e Caballero Álvarez, Calviño Rodríguez, López Font e Rodríguez Díaz do PS de G-PSOE, propón ao Pleno previa aprobación pola Xunta de Goberno Local o seguinte acordo:

“1º) Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rehabilitación Integrada do Casco Vello de Vigo e Bouzas, fixando a súa redacción de acordo co texto refundido final que se anexa a esta proposta (expte. 2758/407).

2º) Abrir un trámite de información pública polo prazo de 30 días hábiles mediante publicación de anuncio no BOP de Pontevedra e nun xornal dos de maior difusión na provincia.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o proxecto de modificación da ordenanza municipal reguladora das axudas para a rehabilitación de edificios e vivendas nas Áreas de Rehabilitación Integrada do Casco Vello de Vigo e Bouzas, que se achega no expediente.

24(2084).- PROXECTO DE COMPENSACIÓN DO PERI IV-09 BAIXADA A SAN ROQUE. RESOLUCIÓN DE RECURSOS DE REPOSICIÓN. EXPTE. 4692/401.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta, do 6.11.07 asinado polo técnico de Admón Xeral, o director da Oficina de Planeamento e Xestión e o adxunto ó director da Oficina de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

Na sesión plenaria de 28 de xuño de 2004 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo: "(...) Aprobar definitivamente o <PERI IV-09-Baixada a San Roque>, na súa última versión, de febreiro de 2003, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis e visado polo COAG no 11/02/2003 e 15/10/2003, coa simultánea delimitación de polígono e fixación do sistema de compensación para a súa execución (...)". As súas normas e ordenanzas foron publicadas no BOP núm 162, do 23.08.04.

O día 09.02.2005 a representante da comisión xestora dos propietarios incluídos no ámbito do PERI presentou un escrito na Xerencia de Urbanismo comunicando a adhesión ó "Modelo Xeral de Estatutos e Bases de Actuación de Xunta de Compensación" dos propietarios dunha superficie superior á do 70% do polígono. Achegou ó efecto a correspondente Acta outorgada no 03.11.2004 perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 2349 do seu protocolo, na que consta a vontade de adhesión dos referidos propietarios.

A Xunta de goberno local na súa sesión de 27 de xuño de 2005, adoptouse o seguinte acordo: "(...) PRIMEIRO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do polígono único do PERI IV-08 Baixada a San Roque, outorgada no 13.05.2005 en Escritura Pública perante o notario de Vigo D. José María Rueda Pérez co núm. 914 do seu protocolo (expte. 4578/401). SEGUNDO: Esta Xunta de Compensación rexirase polo <Modelo

Xeral de Estatutos e Bases de Actuación> aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 11/12/2003 e publicado no BOP de Pontevedra núm. 1, do 02.01.2004. TERCEIRO: Requirir aos propietarios do polígono que non participaron na constitución da Xunta de Compensación, a fin de que se adhieran á mesma no prazo máximo de un mes dende a notificación deste Acordo, mediante manifestación expresa ante notario, nos termos regulados no art. 8.4 do Modelo Xeral de Estatutos, comunicándollo por escrito á Xunta de Compensación dentro do expresado prazo. Os propietarios non incorporados nin adheridos á Xunta de Compensación poderán ser obxecto de expropiación forzosa. SEXTO: Antes da aprobación do Proxecto de Compensación a Xunta de Compensación deberá elaborar un novo plano parcelario actualizado, sobre base topográfica asinada por técnico competente, que deberá ser supervisado, principalmente no que ao deslinde de propiedades municipais se refire, polo topógrafo municipal (...).

Logo da tramitación do oportuno expediente, o 31.07.06 a Xunta de goberno local adoptou o seguinte acordo: "(...) SEGUNDO: Rectificar o contido do proxecto expropiatorio por taxación conxunta para a obtención dos bens e dereitos afectados dos propietarios non incorporados á Xunta de compensación do "PERI IV-09 Baixada a San Roque" e consecuentemente proceder á aprobación definitiva do proxecto expropiatorio por taxación conxunta coas modificacións aludidas (...)". Neste expediente constan actas de pago e ocupación (31.10.06 e 30.11.06).

En data 17.07.06 don José Fernández Aguiar, presidente da Xunta de compensación do PERI IV-09 "Baixada a San Roque", comunicou a aprobación inicial do proxecto de compensación e solicitaba a práctica da información ó público e a aprobación definitiva.

Tra-lo oportuno requerimento municipal o 30.11.06 don José Fernández Aguiar presenta novo escrito no que se informa da aprobación por parte da Xunta de Compensación da aprobación inicial do proxecto de equidistribución na sesión da Asamblea de 20.11.06.

O acordo de aprobación inicial foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 7.12.06 e notificado a todos os propietarios incluídos no polígono.

Consta no expediente certificado do Secretario da Xerencia municipal de urbanismo no que se informa que se presentaron os seguintes alegacións:

- a) Don Adolfo Pérez Rodríguez (22.01.07, nº doc 70010463).
- b) Don Adolfo Pérez Vila (25.01.07, nº doc 70012775).
- c) Dona Consuelo Iglesias Alonso (26.01.07, nº doc 70012957).
- d) Xunta de compensación do PERI IV-09 Baixada de San Roque (1.02.07, nº doc 70015365).
- e) Dona Consuelo Iglesias Alonso (2.02.07, nº doc 70015929)

Concluído o trámite de información ó público a oficina de planeamento e xestión emitiu informe sobre as alegacións presentadas o 21.03.07. O abeiro do disposto no artigo 109 do real decreto 3288/78 deuse traslado do mesmo ós interesados outorgando un novo trámite de audiencia a aqueles propietarios e titulares de dereitos que se poideran ver afectados con respecto á aprobación inicial do proxecto de compensación polo informe emitido polos servizos técnicos municipais.

Por outra parte ó abeiro do disposto no artigo 9º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, de inscrición de actos de natureza urbanística no Rexistro da propiedade se completou a notificación e publicación por edictos (BOP de 23.05 e 1.06) do expediente ós titulares rexistrados. Así mesmo se comunicou a entidade "Caixanova" a tramitación do expediente de reparcelación ó abeiro do co contido do artigo 11 do mencionado real decreto 1093/97, de 4 de xullo.

En data 15.05.07 don Gumersindo Fernández López presenta escrito de aceptación do proxecto de compensación e achega poder especial en su favor outorgado por don Manuel Fernández Rodríguez.

O 26.06.07 don Jose Ferrnández Aguiar presenta escrito e proxecto reformado de equidistribución no que se introducen certas modificacións no documento aprobado inicialmente pola Xunta de Compensación.

En data 28.06.07 o director adxunto de xestión e planeamento informou o seguinte: “(...) Á vista da documentación presentada, esta oficina técnica informa que o texto refundido do proxecto de compensación obxecto de informe, axústase ó plan especial de reforma interior, aprobado definitivamente polo pleno do Concello con data 28 de xuño de 2004. O proxecto de compensación figura aprobado pola Xunta de Compensación con data 20 de novembro de 2006. No período de exposición ó público do expediente, presentáronse un total de cinco alegacións que foron informadas con data 21 de marzo de 2007. Resultado do informe citado a xunta de compensación presenta un texto refundido no que se recollen as retificacións e obxeccións que figuran no informe da oficina de xestión e planeamento. O texto refundido do proxecto de compensación abarca unha superficie de 28.207,50 m², dos cales 2.252,00 m² corresponde a viario existente, polo que a superficie ós efectos de aproveitamento é de 25.955,50 m², dispoñendo dunha edificabilidade de 36.337,70 m² construídos a situar en 30 parcelas. O aproveitamento é de 1,40 m²/m². A superficie destinada ás parcelas edificables é de 12.849,00 m², sendo a superficie destinada a cesións de 15.358,50 m², das cales destinábase a zonas verdes 5.127,00 m² e a viario 10.231,50 m². A edificabilidade correspondente ó Concello pola cesión do 10% do aproveitamento é de 3.633,77 m² construídos, e emprázase nas parcelas nº C.3.2., C.3.3., D.1, e D.3. A edificabilidade correspondente ó Concello pola finca aportada nº 24 é de 1.501,92 m² construídos a situar nas parcelas C.2.2. e D.2 (...)”.

A Xunta de goberno local, na súa sesión de 16.07.07, adoptou o seguinte acordo: “(...) PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de compensación do “PERI IV 09 Baixada a San Roque” (expte. 4692/401) tendo en conta a última redacción presentada o 25.05.07 coas correccións derivadas do informe de contestación ás alegacións da oficina de planeamento e xestión de data 21.04.07 e o informe do adxunto ó director da oficina de planeamento e xestión de 28.06.07. Desestimar a alegación presentada por don Adolfo Pérez Rodríguez (22.01.07, nº doc 70010463). Estimar parcialmente a alegación presentada por don Adolfo Pérez Vila (25.01.07, nº doc 70012475) e desestimar no resto das cuestións alegadas nos termos informados no punto 2º do presente informe-proposta. Tomar coñecemento dos escritos e alegacións presentadas por dona Consuelo Iglesias Alonso (29.06.07, doc 70077009), don José Fernández Aguiar (1.02.07, doc 70015365). SEGUNDO.-Notificar o presente acordo a todos os interesados que consten no expediente comunicando que contra o mesmo caberá interpoñer potestativamente, recurso de reposición ante esta mesma Administración no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. TERCEIRO.- Dar del alta no inventario de bens do Patrimonio municipal do solo o aproveitamento en proindivisión da parcela C.2.2 e as parcelas C.3.2, C.3.3, D.1, D.2 e D.3. Así mesmo, dease conta do presente acordo á oficina de patrimonio do Concello de Vigo no senso de dar de alto no inventario xeral de bens as parcelas destinadas a zonas verdes e viario (...)”.

Notificado o acordo ós interesados, se presentaron os seguintes recursos de reposición:

- a) Adolfo Pérez Vila (doc. 70101269, data de presentación 13.09.07).
- b) Adolfo Pérez Rodríguez (doc. 70104680, data de presentación 21.09.07).

Outorgado o correspondente trámite de audiencia á Xunta de compensación, a mesma presenta escrito de contestación o 4.10.07.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.- Admisibilidade dos recursos de reposición.- A interposición do recurso de reposición se realiza perante o acto administrativo dictado pola Xunta de goberno local (sesión de 16.07.07) de aprobación do proxecto de compensación do “PERI IV 09 Baixada a San Roque” (expte. 4692/401). Os recursos presentados (doc 70101269 e 70104680) se presentan en prazo e forma o abeiro do disposto no artigo 116 e 117 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común.

2.- Análise individualizado de cada un dos recursos de reposición presentados.- A seguir se da contestación motivada de cada un dos recursos de reposición presentados:

- a) Recurso de reposición presentado por don Adolfo Pérez Vila (doc 70101269, data de presentación 13.09.07): A seguir se da contestación individualizada a cada unha das cuestións tratadas no escrito

polo que se interpoñe o recurso de reposición:

- *Sobre a antigüidade das edificacións contidas no proxecto de equidistribución, xa foi contestado no informe proposta de data 2 de xullo de 2007 de aprobación definitiva do proxecto de compensación e no que por parte da oficina técnica e na contestación da alegación presentada por don Adolfo Pérez Vila (DOC nº 70012775). En relación á finca nº 21 faise a mención entre outras cuestións que "(...) os novos datos sobre a antigüidade das edificacións coinciden cos datos que figuran no Catastro, salvo a correspondente á finca nº 21. Con respecto a esta edificación se deberá xustificar as fontes documentais que serviron de base para fixar como data a de 1973 (...)". A citada proposta figura recollida no acordo da Xunta de goberno local de data 16.07.2007 de aprobación definitiva do proxecto de compensación. En consecuencia, procede que por parte da Xunta de compensación se xustifique a antigüidade da edificación descrita dentro da finca número 21, tal e como se mencionaba con ocasión da aprobación do proxecto de compensación. No caso que non se xustifique tal extremo, procederase de oficio á rectificación da antigüidade da edificación.*
- *Sobre a ausencia de sinatura das actas de acordos da propia Xunta de compensación, ó igual que na contestación á alegación presentada o 25.01.07 polo agora recurrinte, enténdese como suficiente a constancia documental da aprobación inicial do proxecto de compensación por parte da Xunta de compensación. O resto de actas non son un documento que necesariamente deberá constar no proxecto de compensación. Non obstante, no documento aprobado definitivamente (que forman parte como anexo á memoria) constan tres copias das actas asinadas polo Presidente e o Secretario da Xunta de Compensación.*
- *En relación coa indicación incorrecta do domicilio e DNI correspondente á parcela C.1.3. de don Adolfo Pérez Rodríguez, tómase razón da alegación e no sucesivo se notificarán os actos o enderezo que indica o recurrinte.*
- *En cuanto a posible inconcreción no proxecto de compensación da titularidade da parcela 8º, efectivamente se comproba que non existe constancia de que a totalidade das cuotas sexan propiedade da empresa "Guixabar 2000, S.L.". En trámite de audiencia do recurso non se xustificou tal extremo, polo que deberá achegarse ó proxecto de compensación xustificación documental de que "Guixabar 2000, S.L." é titular do dereito de propiedade da totalidade das cuotas da finca número 8. Noutro caso, deberá constar no proxecto de compensación a existencia de varios copropietarios e consecuentemente terá o seu reflexo no reparto de aproveitamentos das fincas de resultado. Por outra parte, a Xurisprudencia (STS 7.12.01 e 2.9.02) entende que no caso de fincas en réxime de copropiedade basta a conformidade da maioría das cuotas para entender incorporadas á Xunta de compensación.*
- *En relación coa discordancia entre a superficie contida nas escrituras de constitución e as descritas no proxecto de compensación, debe terse en conta que nos expedientes de xestión, no caso de discordancia prevalece sempre a superficie real sobre a que figura en títulos (apartado 3 do artigo 103 do regulamento de xestión aprobado polo real decreto 3.288/78, de 25 de agosto). É certamente habitual que os datos dos que se dispoñían no momento da constitución da Xunta de compensación non coincidan cos constatados unha vez avanzada a xestión coa tramitación do proxecto de compensación.*
- *Sobre a compatibilidade das edificacións sitas nas parcelas 26, 27, 28 e 29 e a carga de urbanización. Con respecto á carga de urbanización, efectivamente dase unha situación individualizada que precisa dun tratamento autónomo. O mantemento da edificación, non implica unha exención da asunción dos gastos de urbanización derivadas da execución do polígono. A parcela onde se ubican as edificacións que se declararon conformes con planeamento e, polo tanto, permítese o seu mantemento, participan no reparto de beneficios e cargas en iguais condicións que o resto dos propietarios. A súa condición de solo urbano non consolidado non se poñe en entredito no presente expediente dado que se trata dunha determinación de planeamento. O feito de que teña tal calificación urbanística, deriva da apreciación de que no solo en cuestión*

concorre algunha das causas previstas no artigo 12.b da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. O redactarse o proxecto de urbanización, se tiveron en conta os servizos existentes e se concluiu que era necesaria unha total transformación da mesma e consecuentemente a substitución da existente. Se nun determinado ámbito de actuación existe unha parcela que conte con determinados servizos de urbanización, aínda que sexan precarios ou obsoletos, deberán valorarse de acordo cos criterios da lexislación de expropiación forzosa e o seu importe deberá ser satisfeito ó seu titular. Así o establecía o artigo 31 da Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións (de aplicación, en virtude da disposición transitoria terceira da Lei 8/07, de 28 de maio), no sentido de que as obras e instalacións que existan (...) se valorarán con independencia do valor do solo e con arreglo ós criterios da Lei de expropiación forzosa. En definitiva, aquel propietario de solo urbano que non conte con servizos de urbanización deberá sufragar proporcionalmente os servizos de urbanización do ámbito correspondente, sen prexuízo de que se lle indemnice polos servizos de que dispoñe polo valor de reposición, correxido polo estado de antigüidade e de conservación ó abeiro do criterio estimativo previsto no artigo 43 da Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro de 1954. Consecuentemente procede a apertura dun trámite ou peza separada de determinación da indemnización pola non mantemento das instalacións ou subministración de servizos das parcelas 26, 27, 28 e 29, onde se ubican as edificacións que se manteñen e se declaran compatibles co planeamento.

CONCLUSIÓN: De acordo co previsto nos puntos anteriores, procede a estimación parcial do recurso de reposición interposto. Con respecto ó punto 6º debe instarse á Xunta de compensación para que presente proposta de valoración da indemnización ex 116.1.c da Lei 9/02, de 30 de decembro, pola eliminación das instalacións que non poden conservarse. Acto seguido se tramitará peza separada de determinación do xustiprezo e, en caso de disconformidade dos titulares dos dereitos, se remitirá expediente ó Xurado de expropiación de Galicia ó abeiro de disposto no apartado segundo do artigo 157 da Lei 9/02, de 30 de decembro.

- a) *Recurso de reposición presentado por don Adolfo Pérez Rodríguez (doc 70104680, data de presentación 21.09.07):*
- *En relación coa valoración dos dereitos aportados para os efectos da distribución equitativa de beneficios e cargas, o artigo 116.1 da Lei 9/02 de 30 de decembro de ordenación urbanístico e protección do medio rural de Galicia, establece que en solo clasificado como urbano non consolidado o dereito dos propietarios afectados será proporcional ó valor urbanístico da superficie dos seus respectivos predios. No presente caso, a reducida superficie do ámbito implica que os valores unitarios de superficie de solo sexan unitarios, polo que non se aprecia nin se xustifica que determinadas parcelas teñan características que impliquen unha maior valoración que outras. O valor urbanístico das parcelas é homoxéneo ó abeiro do disposto no artigo 28.1 da Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións ó non ter a urbanización consolidada.*
 - *Sobre o incumprimento do previsto no artigo 90 e 91 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística, non se xustifica por parte do alegante tal afirmación, xa que sobre cada unha das propiedades a que se fai referencia na manzana C.1. resulta un sólido independente sen proindivisos e cunha ordenanza de aplicación. En consecuencia, se entende que o suposto das edificacións sitas nas fincas 26, 27, 28 e 29 se encontran no suposto previsto no artigo 89 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto e polo tanto conformes co planeamento.*
 - *Sobre o suposta vulneración do principio de xerarquía normativa, non se aprecia tal deficiencia, por canto o proxecto de compensación ten por obxecto (entre outras) a distribución de cargas e beneficios derivados da ordenación urbanística, a regularización da configuración dos predios e a situa-lo aproveitamento en zonas aptas para a edificación (artigo 115.1 da Lei 9/02, de 30 de decembro). En ningún caso se está a alterar as determinacións propias do planeamento, neste caso do PERI IV 09 Baixada a San Roque.*

- En relación coa incompatibilidade das vivendas sitas na parcela de resultado C-1 co planeamento vixente, o técnico que subscribe remítese ó informe do do enxeñeiro técnico de obras públicas da oficina de planeamento e xestión que informou no tramite do proxecto de urbanización e ante unha alegación no mesmo senso o seguinte: "(...)A vista da cartografía municipal comprobouse que as parcelas correspondentes co sólido C1 están a una cota sensiblemente superior a do vial e dado o ancho das beirarrúas colindantes, as parcelas non teñen que quedar con difícil acceso, porque poden ser asumidas pola pendente transversal das beirarrúas (...)". No mesmo sentido informou a Xunta de compensación. No presente caso, as edificacións existentes ubicadas dentro da parcela de resultado C-1 son declaradas expresamente conformes co planeamento e prevese a súa conservación.
- Vulneración do principio de igualdade. En canto á parcela inicial 19 e parcela adjudicada C.3.2, o derruba da edificación existente non sería en principio necesaria para executar obras de urbanización, pero si está afectada polas novas aliñacións do sólido C.3.2. e ademais se prevé a súa adjudicación a outro propietario, polo tanto procede prever a correspondente indemnización por incompatibilidade do planeamento e imposibilidade do seu mantemento ó abeiro do disposto no artigo 91 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto. En conclusión, non se aprecia ningunha vulneración ó principio de igualdade dado que se tratan de dúas situacións claramente diferenciadas.
- Valoración dos gastos de urbanización. En canto á consideración de excesivos os gastos de urbanización, en concreto os referentes ás indemnizacións por demolicións e derrubas de edificacións e outros bens afectados tense que informar que o alegante non presenta unha valoración que contradiga as valoracións dos bens á que fai referencia. En canto ás valoracións que figuran no proxecto de compensación xustifícanse pola aplicación da lei 6/1998 de 13 de abril sobre réxime do solo e valoracións, en concreto o artigo 31.2 da mesma que establece que o valor das edificacións calcularase con independencia do solo e determinarase de acordo coa normativa de valoración catastral en función do seu custe de reposición (norma 12 do R.D. 1020/1993 de 25 de xuño), corrixido en atención a súa antigüidade e estado de conservación. Por outra banda tanto o método como os valores para o calculo das indemnizacións son os mesmos que os utilizados no proxecto de expropiación para valorar os bens a expropiar das fincas non adheridas á xunta de compensación.

CONCLUSIÓN: Desestimar a alegación.

3.- Órgano competente para a resolución do recurso de reposición.- O abeiro do disposto no artigo 116 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, é competente para resolver o mesmo órgano que dictou o acto que se recorre. Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (redacción da Lei 57/03, de 16 de decembro), a competencia para a aprobación do presente proxecto de compensación foi atribuída á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo:

PRIMEIRO.- Estimar parcialmente a alegación presentada por don Adolfo Pérez Vila (doc 70101269, data de presentación 13.09.07) nos términos contidos no presente informe.

SEGUNDO.- Desestimar a alegación presentada por don Adolfo Pérez Rodríguez (doc 70104680, data de presentación 21.09.07).

TERCEIRO.- Comunicar a presente resolución ós interesados, informando que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

25(2085).- SOLICITUDE DE PRÉSTAMO DUN DEBUXO DE XOHÁN LEDO DO MUSEO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO PARA EXPOSICIÓN NO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 49/339.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico superior da Casa Galega da Cultura, do 15.11.07, conformado polo concelleiro delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º. Autorizar o préstamo a Merlín Comunicación – Editorial Galaxia da seguinte peza:

Ledo, Xohán

[Debuxo]

Sen título : [Consello de administración fundador da editorial Galaxia] [Tinta sobre papel] : [Boceto dos membros do consello de Galaxia. Dende o ángulo inferior esquerdo e no sentido das agullas do reloxo: Antón Beiras García, Emilio Alvarez Blázquez, Rufo Pérez González, Francisco Fernández del Riego, Luis Viñas Cortegoso, Xaime Isla Couto, Xosé Meixide González, Xohán Ledo (seud. de Ricardo García Suárez)] / [Xohán Ledo]. -- [1950]. -- Ilustracións : 56x43 cm ; Soporte : 72x60 cm. -- Estado de conservación: bo. – NM 53. -- FR-PI-38 R.53

Valor a efectos do seguro 4.000,00 euros (catro mil)

A obra que se presta forma parte da exposición permanente da colección de arte galega do Museo Francisco Fernández del Riego na Casa Galega da Cultura (Praza da Princesa 2, 36202 Vigo).

O destino do préstamo é a exposición “HOMENAXE A XOHÁN LEDO – AS CARAS DO LIBRO” que se celebrará no Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León” dende o 20 de novembro de 2007 ao 20 de xaneiro de 2008”.

2º. O préstamo a Merlín Comunicación – Editorial Galaxia realizarase conforme as seguintes condicións:

- a) O prestatario responsabilizarase de que se cumplan as correctas medidas de manipulado, transporte, exhibición, e seguridade; así como de calquera dano ou roubo que poidera sufrir a obra prestada polo que deberá contratar a póliza de seguro “cravo a cravo” coas cláusulas especiais para obras de arte polo valor indicado polo prestador. Con antelación suficiente á saída da obra, o prestatario deberá proporcionar un certificado desta póliza.
- b) O período de cobertura da póliza de seguro comprenderá, como mínimo, dende o día da saída do préstamo da Casa Galega da Cultura ata o día de entrada (inclusive) do mesmo na Casa Galega da Cultura.
- c) A obra prestada deberá expoñerse enmarcada en cristal ou en vitrina pechada.
- d) O transporte da obra realizarase por unha empresa especializada en obras desta natureza; o lugar de recollida e entrega será a Casa Galega da Cultura. Praza da Princesa, 2. Vigo.

- e) Ademais dos datos de identificación da obra que figurará na exposición e no catálogo tamén se incluíra a referencia: "Museo Francisco Fernández del Riego. Concello de Vigo".
- f) O valor da obra a efectos de seguro é de 4.000,00 € (catro mil).
- g) O prestatario asumirá as obrigas que lle correspondan en canto á lexislación e normativas sobre propiedade intelectual, en caso de realizar algún tipo de reprodución ou difusión da obra prestada.
- h) O prestatario entregará gratuitamente ao Museo Francisco Fernández del Riego un mínimo de 5 exemplares do catálogo da exposición e publicacións que se edite sobre a exposición.

26(2086).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE AXUDA PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDA EN PRAZA PEÑASCO, 5-BAIXO. EXPTE. 191/431.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 16.11.07, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 05/11/07 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en R./ PEÑASCO 5, 0, executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 09.03.2007 (REMATE 4ª, 5ª e 6ª FASES).

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a Consuelo Mera Conde (DNI/NIF nº 35890914N) a axuda de 4332 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 2.166,00 euros e pola Consellería de Vivenda e Solo na cantidade de 2.166,00 euros.

TERCEIRO.- Conceder definitivamente a cantidade de 4332 euros con cargo á partida 4320.7800600 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

27(2087).- PROXECTO DE CONVENIO PARA A COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DA CABALGATA DE REIS 2008 E DO XXVII CONCURSO DE RONDALLAS. EXPTE. 2373/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico favorable de data 14.11.07, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 14.11.07, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, para a colaboración e produción

integral do XVII Concurso de Rondallas conforme as bases técnicas que se achegan ao devandito convenio; e colaboración na produción da Cabalgata de Reis 2008, ca Agrupación de Centros Deportivos e Culturais, CIF G--36.791.291, e Federación de Peñas Recreativas El Olivo, CI- G-36.704.666.

2º.- Facultar ó Concelleiro da Area de Cultura e Animación Sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar e comprometer a favor da Federación de Peñas El Olivo, CIF. G-36704666, o gasto de 34.300 euros para a produción integral do XXVII Concurso de Rondallas con cargo á bolsa de vinculación da partida 4512.226.0801 do vixente exercicio económico.

4º.- Autorizar e comprometer, a favor da Federación de Peñas El Olivo CIF. G-36.704.666, o gasto de 16.758 euros para a colaboración na organización da Cabalgata de Reis 2008, supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente na partida 4512.226.0800 do programa orzamentario de Animación Sociocultural correspondente ó exercicio 2008.

PROXECTO DE CONVENIO PARA A COLABORACIÓN NA ORGANIZACIÓN DO CONCURSO DE RONDALLAS E CABALGATA DE REIS

Documento final

Vigo, a novembro de 2007.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira concelleiro-delegado de Cultura e Animación Sociocultural e en representación do Concello de Vigo, CIF P-3605700-H, con enderezo na cidade de Vigo, Praza do Rei, s/n; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte, os representantes das seguintes entidades:

D. JOSÉ LOURIDO PENEDO, presidente da AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURAI, CIF G-36.791.291, con enderezo na rúa Cabalaria, 47 - 1º, 36215 VIGO, e número de inscrición 386/95 no rexistro municipal de asociacións.

D. BALBINO MOREIRA VÁLLEZ, presidente da FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO", CIF. G-36.704.666, enderezo na praza Gallegos Ilustres, 36203 VIGO, e número de inscrición 143/90 no rexistro municipal de asociacións.

En adiante, denominaranse "COMISIÓN COLABORADORA".

Intervindo ambas as dúas partes coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñecéndose mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente Convenio

MANIFESTAN

1. Que a Cabalgata de Reis é un evento festivo e de tradición plenamente arraigado e institucionalizado na nosa sociedade, e que esperta grande expectación e ilusión nos máis cativos e en todos os cidadáns en xeral.

2. Que o tradicional Concurso de Rondallas celebra xa a XXVII edición e é un evento de importante arraigo na cultura popular dentro da comarca de Vigo, e cunha ampla participación de agrupacións dos concellos limítrofes.

3. Que o Concello de Vigo ven desenvolvendo unha importante labor de recuperación e impulso de ambos eventos. No caso da Cabalgata de Reis coa incorporación de novos e vistosos elementos na Comitiva Real, así como mediante a programación doutras actividades complementarias (Carroza do Carteiro Real, figurantes de acompañamento para Corte Real, acto de recepción das autoridades no percorrido e entrega da chave da

cidade, concurso para acompañamento dos nenos e nenas na comitiva "Vente cos Reis Magos"), que axudan a darlle maior espectacularidade e realce, intentando recobrar o sentido do Nadal.

No caso do Concurso de Rondallas o Concello de Vigo, e a petición das propias rondallas participantes na xuntanza mantida o pasado día 26 de outubro, propónse retomar a celebración do evento no Pavillón dos Deportes das Travesas a fin darlle maior realce ao evento e minimizar riscos por posíbel suspensión por choiva. Asemade, e a fin de axustar unha data estábel de referencia para a celebración do evento, decidiuse establecer como data do último domingo de decembro, coincidindo no día 30 na presente edición.

4. Que na lexislación vixente, concretamente no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, faise referencia á conveniencia da participación de entidades de carácter cultural, social e veciñal como colaboradores na organización de diversos programas e acontecementos culturais, ofertados polas entidades locais (Cabalgata, Entroido, Festa do Magosto...).

5. Que dende a Cabalgata de Reis do ano 1997 véñense asinando convenios de colaboración similares entre estas entidades e o Concello de Vigo, sendo o resultado acadado moi satisfactorio para ambas partes, polo que se atopan dispostas a colaborar na organización do Concurso de Rondallas e na Cabalgata de Reis.

Polo que, en consideración ó antes exposto, o Concello de Vigo e as entidades referidas establecen a súa relación mediante o presente convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- O presente convenio ten por obxecto xeral a colaboración das entidades asinantes na organización e produción da "Cabalgata de Reis" e "Concurso de Rondallas", mediante a aportación de persoal auxiliar necesario para o desenvolvemento de ambos eventos e colaboración na súa produción.

SEGUNDA.- O Concurso de Rondallas e a Cabalgata de Reis celebraranse os días 30 de decembro deste ano e 5 de xaneiro do ano 2008, conforme a programación e bases que se incorporan no anexo deste convenio.

A tal fin a produción destas actividades deberan suxeitarse as normas e procedementos que se establecen na programación e bases técnicas, cumprindo en todo momento os principios de publicidade, e concurrencia.

TERCEIRA.-

1.- O Concello de Vigo establece unha contrapartida económica, con todos os conceptos e impostos incluídos, de:

- 18.500 euros, para colaboración na organización e produción do "XXVII Concurso de Rondallas" que se financiará con cargo os créditos consignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Animación Sociocultural..*
- 15.800 euros que se financiará con cargo os créditos consignados en cada exercicio económico do programa orzamentario de Animación Sociocultural adicado a "premios e concursos", derivados dos seguintes premios outorgados tralo faio do xurado e participación no "XXVII concurso de Rondallas":*
 - Primeiro clasificado: 2.500 euros;*
 - Segundo clasificado: 2.200 euros;*
 - Terceiro clasificado: 1.600 euros;*
 - Premio especial ó conxunto de abandeirados: 500 euros;*
 - O resto das nove agrupacións participantes percibirán 1.000 euros cada unha.*
- 16.758 euros, para colaboración na organización do Cabalgata de Reis 2008 que se financiarán con cargo os créditos consignados anualmente para a Cabalgata de Reis no programa orzamentario de Animación Sociocultural..*

2.- O Concello de Vigo aboará as cantidades estipuladas en concepto deste convenio de colaboración, previa presentación da correspondente solicitude de pagamento e certificado de conformidade do cumprimento asinado polo persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural ós traballos realizados, mediante

transferencia bancaria á conta corrente núm. 2080.0020.16. 0040023628 domiciliada en Caixanova, da que é titular a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo" (CIF. G-36.704.666) e número de inscrición no Rexistro Municipal 143/90.

3.- Anticipos a conta: Co gallo de facilitar a administración e produción, tramitarase a petición das entidades colaboradoras, un anticipo dun 100 % das contías adicadas ós premios e participación no XXVII concurso de Rondallas (15.800 euros) e un 40% da cantidade restante para a produción das actividades (35.258 € x 40% = 14.103,20 euros), que se xustificará nos 3 meses seguintes á data de ingreso. O 60% restante do orzamento liquidarase previa presentación da memoria e informes de execución comprensivas das accións e relacións dos gastos executados cos datos do emisor da factura, CIF/NIF, data, importe con todos os impostos e retencións que procedan.

4.- O Concello de Vigo, ao través da Concellería de Animación Sociocultural, xestionará todas aquelas accións que se derivan da reserva das instalacións municipais necesarias, así como a presenza do persoal dos diferentes servizos municipais necesarios para a produción destes eventos.

CUARTA.- Estabéllese a seguinte composición da comisión colaboradora, os cales serán os únicos interlocutores válidos da mesma co persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural:

Pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais:

- Interlocutor titular: José Lourido Penedo.
- Interlocutor suplente.- Roberto Giráldez Barbeitos.

Pola Federación de Peñas Recreativas "El Olivo":

- Interlocutor: Juan Carlos Padín Nieto.
- Suplente: Balbino Moreira Vallez.

Así mesmo, formará parte desta comisión colaboradora en representación do Concello de Vigo, con funcións de dirección, supervisión, seguimento e control da mesma, un técnico/a adscrito ó servizo de Animación Sociocultural,

Os responsábeis da comisión colaboradora estarán en permanente contacto con todo o persoal da organización, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e Cruz Vermella; así mesmo, deberán estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural.

Periodicamente, e previa comunicación cun mínimo dun día de antelación, estableceranse as reunións necesarias co obxecto de establecer os criterios organizativos para estes eventos, mediante entrega de información escrita precisa acerca do plan de organización que deberán executar.

A comisión presentará na Concellería de Festas e Animación Sociocultural, nos tres días hábiles seguintes á finalización do Concurso desfile de rondallas, un informe completo de posíbeis incidencias acontecidas antes, durante e despois do seu desenvolvemento.

QUINTA.- A comisión colaboradora da Cabalgata de Reis e Concurso de Rondallas será a de dotar a estes eventos do persoal voluntario necesario e colaborar na produción conforme ao seguinte:.

Toda persoal pertencente á organización deberá levar de forma obrigatoria e en todo momento as prendas identificativas da organización que se lles indique, e que previamente sexan validadas polo Concello de Vigo.

O persoal de organización non poderá fumar nin consumir bebidas alcohólicas durante o desenvolvemento dos eventos.

Cabalgata de Reis :

Horario: das 15 ás 21 horas, do día 5 de xaneiro.

- 170 persoas para funcións auxiliares de organización para control de público no percorrido:

Encargaranse da seguridade ó longo de todo o percorrido, facilitando o control dos espectadores e impedindo que o público se achegue ós elementos que compoñen a comitiva; especial atención prestarase ás inmediacións do palco instalado para a recepción ós Reis Magos, para o que se disporá un equipo especial de seguridade.

Encargaranse de realizar calquera movemento do valado de seguridade que sexa preciso ou lle sexa indicado polo persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural durante o desenvolvemento da Cabalgata.

- 10 persoas para as funcións de inflado e reparto de globos:

Encargaranse de recoller no Concello de Vigo coa suficiente antelación os caramelos, globos e outros elementos da comitiva, e trasladarano ó lugar de concentración da mesma e ós distintos puntos de avituallamiento e de inflado de globos, que se colocarán ó longo do percorrido. Para este cometido, a organización deberá dispor ó seu cargo dos seus propios medios para o transporte do citado material.

Ó longo do percorrido, haberá CINCO puntos de inflado de globos que serán xestionados por un mínimo de dúas persoas cada un; o subministro das correspondentes bombonas de inflado e a súa instalación e posterior desmontaxe será total competencia da comisión colaboradora.

- 60 persoas para colaboración no acompañamento Real:

Con funcións de figurantes para a Corte Real, convenientemente ataviadas e portando elementos de atrezzo, bandeirolas, estandartes, etc. entregados pola Comisión e custodiados nun futuro pola mesma para posteriores eventos.

A tal fin, achégase ó presente convenio o deseño deste atrezzo validado polo Concello de Vigo cuantificado en 3.758,40 euros.

- 4 persoas para as dúas zonas de referencia no percorrido de encontro dos nenos perdidos e outras e eventualidades da organización:

Durante o desenvolvemento da Cabalgata deberá haber permanentemente dúas persoas na "zona de encontro de nenos", delimitada co obxecto de levar alí ós nenos/as que se perdan. Estas persoas deberán custodiar os nenos/as ata que sexan recollidos polos seus pais ou titores; de non apareceren, faranlle entrega dos mesmos á Policía Local, a partir das 22'00 horas.

- 6 persoas para avituallamiento de caramelos e control do percorrido:

Ó longo do percorrido, haberá un mínimo de dous puntos de avituallamiento de caramelos xestionados por un mínimo de catros persoas cada un, e que se encargarán de distribuílos ás carrozas e demais integrantes da Comitiva que o requiran, ó seu paso por ese punto.

- 2 persoas para control dun espazo da Porta do Sol reservado a persoas con mobilidade reducida.

- 1 persoa para funcións auxiliares no palco de recepción de autoridades.

- 16 persoas para funcións de control do perímetro das catro carrozas dos tronos Reais, dende a súa saída ata a finalización do evento.

- 2 persoas auxiliares para actos da festa de benvida dos Reis Magos.

Outras funcións de coordinación e produción da Comisión:

- Nos días previos ó evento, encargaranse de recoller as prendas de organización e de distribuílas posteriormente entre todo o persoal.

- Buscar a correcta colocación e distribución dos elementos que forman a comitiva no lugar de concentración, seguindo as instrucións dadas nas reunións mantidas co persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural. A disposición dos elementos da Comitiva manterase inalterábel dende o seu inicio ata o seu remate.

- Para facer posíbel este cometido, o Concello facilitaralle á comisión colaboradora un mínimo de nove portófonos, que deberán devolver en perfectas condicións unha vez rematada a cabalgata; ademais deberán dispor de teléfonos móbiles ou outro sistema de comunicación similar, en perfecto estado de uso e coa suficiente batería para garantir esta función, durante todo o período de desenvolvemento da cabalgata.

- Calquera outra función imprevista que poida xurdir durante o desenvolvemento da Cabalgata de Reis e que lle sexa encomendada pola organización deste evento.

Concurso de Rondallas

- 24 persoas para acompañamento das rondallas no pasacalles de 30 minutos previo ó concurso polas rúas Avda. de Castrelos, Fragoso, Florida, Castelao, Coruña, López Mora, Camelias, Gran Vía:

Encargaranse da seguridade ó longo de todo o percorrido da pasacalles, impedindo que o público se achegue as rondallas.

Organización da entrada das Rondallas ao IMD.

- 10 persoas para traballos auxiliares de organización do evento nas instalacións, control dos accesos do IMD:

Encargaranse de realizar calquera movemento do valado de seguridade que sexa preciso ou lle sexa indicado polo persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural durante o desenvolvemento do Concurso de Rondallas.

Funcións auxiliares de control das portas de emerxencia.

Durante o desenvolvemento do concurso terá que haber permanentemente dúas persoas na "zona referencia da organización e de encontro de nenos", delimitada co obxecto de levar alí ós nenos-as que se perdan. Estas persoas deberán custodiar os nenos/as ata que sexan recollidos polos seus pais ou titores; de non apareceren, faranlle entrega dos mesmos á Policía Local, a partir das 22:00 horas.

- 1 persoa para despacho de invitacións no IMD en horario de mañá e, no seu caso, tarde.

Outras funcións.

Coordinación de produción íntegra do concurso e contratación dos servizos necesarios para o desenvolvemento do mesmo, entre outros:

- Seguridade e vixilancia uniformada para as portas de acceso ó IMD;
- Material gráfico de difusión do evento: 500 carteis e pancarta para a fachada do IMD;
- 4.000 invitacións para asistentes;
- Servizo preventivo da Cruz Vermella;
- Valados de seguridade nos accesos e zonas reservadas;
- Equipo de son suficiente para o desenvolvemento do evento;
- Limpeza das instalacións do IMD;
- Aluguer e instalación na pista do IMD de 500 cadeiras;
- Montaxe e desmontaxe da protección da pista;
- Seguro de responsabilidade civil por danos no IMD e fianza das Instalacións;
- Seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros;
- 4 agasallos e catering para o xurado segundo mostra;
- Agrupación musical invitada para o tempo de deliberación do xurado;
- Distribución dos premios e importes de participación no concurso;
- Tres anuncios da convocatoria nos medios escritos de comunicación local.
- Xestión da cafetería do IMD

SEXTA.- O mecanismo de seguimento deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presente a comisión colaboradora e da presenza do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural na propia actividade.

SÉTIMA.- En caso de incumprimento do convenio, realizaranse os descontos correspondentes e cos prorrateos a que tivese lugar.

OITAVA.- A vixencia do convenio será anual a contar dende a data da súa sinatura.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo dentro do prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais previa solicitude de prorroga das entidades que constitúen a Comisión Colaboradora xunto ó acordo dos órganos competentes de ambas as entidades no cal recolleranse as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que entrega o Concello de Vigo. En todo caso os gastos subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos do Concello de Vigo.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

NOVENA.- O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para solucionar as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Lido por ambas as partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano, por cuadruplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

ANEXO

1.- BASES DO XXVII CONCURSO DE RONDALLAS:

Primeira.- A Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo participa na organización do XXVII Concurso de Rondallas que terá lugar o día 30 de decembro de 2007, ás 18:00 h, no Instituto Municipal dos Deportes das Travesas.

Segunda.- Neste concurso poderán participar todas aquelas agrupacións que teñan un mínimo de 40 compoñentes e un máximo de 120.

O número máximo de agrupacións participantes límitase a 12 (doce). Como único criterio de selección establécese a orde de inscrición no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Das solicitudes presentadas daráselle traslado a comisión Colaboradora.

Aquelas inscricións realizadas antes ou despois do prazo estipulado nestas bases non serán admitidas calquera que sexa a causa.

Terceira.- As inscricións para este concurso deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello, no impreso normalizado que se achega ás bases, dende o 1 ao 15 de decembro de 2007, ambos inclusive. Así mesmo, deberase acompañar á inscrición, unha certificación bancaria e fotocopia compulsada do CIF ou NIF segundo proceda.

As bases publicítaranse a través de anuncio nos medios de comunicación local nos días previos ó comezo do prazo e estarán a disposición dos/as interesados/as no citado rexistro e na web municipal.

Cuarta.- Os premios do concurso serán os seguintes:

PRIMEIRO CLASIFICADO: 2.500 euros.

SEGUNDO CLASIFICADO: 2.200 euros.

TERCEIRO CLASIFICADO: 1.600 euros.

O resto das agrupacións participantes percibirán 1.000 euros cada unha. Establécese un premio único de 500 euros, ó conxunto de abandeirados.

Todos os premios estarán suxeitos á normativa fiscal que proceda aplicar.

Quinta.- As agrupacións participantes realizarán, previo ó inicio do concurso e na mesma orde de actuación, un pasacalles de trinta minutos polas seguintes rúas da cidade: avenida de Castrelos, avenida de Fragoso, avenida da Florida, avenida Castelao, A Coruña, López Mora, Camelias, Gran Vía, ata converxérense finalmente as seis primeiras na praza de América ás 17:30 horas e 18:30 horas as restantes, manténdose neste último lugar á espera da entrada ó concurso.

No caso de suspensión dos pasacalles por choiva, concentraranse na mesma orde e horario nas instalacións da “Pista Vermella” do IMD.

Sexta.- A orde de actuación no IMD das doce rondallas inscritas decidirase mediante un sorteo que se realizará na Casa do Concello, o día 20 de decembro ás 12:00 horas. Recoméndase que a este sorteo acuda un/unha representante de cada rondalla inscrita. Neste mesmo acto entregaranse as demais normas de participación e organización do evento.

Sétima.- O xurado do concurso cualificará entre 0 e 10 puntos enteiros cada un dos seguintes elementos:

- a) Vestimenta de toda a rondalla*
- b) Instrumentación musical*
- c) Evolución na pista de toda a rondalla*
- d) Repertorio musical*

Oitava.- Cada agrupación disporá dun máximo de 10 minutos para realizar as interpretacións que estime oportunas.

O tempo dispoñible computarase dende o momento de entrada na pista do primeiro membro da agrupación, ata o momento da saída do derradeiro compoñente.

Novena.- Estabelécense as seguintes penalizacións por exceso de tempo:

10 puntos.- polo primeiro minuto ou fracción

20 puntos.- polo segundo minuto ou fracción

30 puntos.- polo terceiro minuto ou fracción

Descualifícarase inmediatamente a unha agrupación nos seguintes casos:

- a) cando o exceso de tempo supere os tres minutos;*
- b) cando figuren na pista menos de 40 compoñentes;*
- c) cando entre os seus compoñentes ou concursantes, figuren “majorettes”.*

Décima.- Os himnos oficiais dos estados e das comunidades autónomas non poderán ser incluídos nos repertorios que executarán as rondallas participantes.

Décimo primeira.- A rondalla clasificada no primeiro lugar do concurso terá que actuar o día 5 de xaneiro na recepción os Reis Magos da “Cabalgata de Reis 2008”, que organiza o Concello de Vigo á hora e lugar que lle indique a organización da mesma.

Décimo segunda.- O xurado do concurso estará composto polos seguintes membros:

Presidente: O concelleiro de Festas e Animación Sociocultural do Concello de Vigo ou persoa en quen delegue.

*Vocais: Director da Escola Municipal de Danza ou a persoa desta na que delegue.
Tres persoas relacionadas con temas musicais, etnográficos, folclore ou cultura tradicional.*

*Secretario: Un representante da Comisión Colaboradora
Un funcionario do Concello de Vigo, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso que se achegan no anexo a este convenio.*

O presidente do xurado dispón de voto de calidade para resolver os posíbeis empates.

Décimo terceira.- O concelleiro de Animación Sociocultural mailo xurado do concurso quedan facultados para

resolver as posibles eventualidades e dúbidas que puidesen xurdir, non previstas nestas bases.

Décimo cuarta.- A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha destas bases. A decisión do xurado será inapelábel.

2.- CABALGATA DE REIS 2008:

Programa:

1.- Festa de benvida os Reis Magos::

Día 5 de xaneiro.

Lugar: Praza do Rei

Hora: de 11:00 a 13:00.

Actividades de recepción dos Reis ós nenos.

Actividades de animación sociocultural.

Remate cunha chocolatada.

2.- Visita dos Reis Magos a Hospitais (Povisa, Hospital Xeral-Cíes, Nicolás Peña, á Casa de acollida e á residencia Ancianos desamparados-Alcabre).

3.- Cabalgata de Reis:

Temática: O libro.

Acto de recepción das autoridades ós Reis Magos:

Lugar: palco situado en Santiago de Vigo.

Acto de entrega da chave da cidade.

Estrutura base da comitiva:

- Cinco grupos de animación cubrindo o percorrido, e actuacións previas ao pase da comitiva, e incorporación posterior a esta: Porta do Sol, Reconquista, Colón, Santiago de Vigo. García Barbón.
- Dous bloques de carrozas comerciais diante e detrás dos tronos Reais.
- Outros bloques de acompañamento: Escola municipal de danza, rondallas, grupos de animación.
- Bloque central na comitiva da carroza do Paxe Real e tres tronos Reais.
- Grupos de percusión tribais anunciando a chegada dos tronos reais: cornetas, tambores, etc.
- Grupos de figurantes de acompañamento e séquito dos Reis: ubicados diante e os lados de cada carroza Real: paxes, abandeirados, estandartes, fachos, etc.
- Carrozas de iluminación dos tronos Reais.
- Megafonía en todo o percorrido.
- Intérprete de signos na recepción oficial.
- Reserva de espazo para persoas con mobilidade reducida: Zona Porta do Sol, preto quiosco Vitrassa.
- Valado de seguridade: Mínimo.- Porta do Sol, cruce Colón, Santiago de Vigo-Alfonso XIII.
- Cinco puntos de reparto de globos.
- Dúas zoas de encontro de nenos.

- Horario:

15:00 horas: Comezo do despregue do persoal auxiliar de organización ó longo do percorrido e da concentración da comitiva real.

18:30 horas: Saída da Comitiva Real dende o cruce de Isaac Peral.

20:30 horas: Remate e despedida da cabalgata.

Montaxe da comitiva e percorrido:

- Montaxe da comitiva: Entre o nó de Isaac Peral e a rotonda da confluencia entre a avda. García Barbón, a rúa Julián Estevez e rúa Sanjurjo Badía.
- Percorrido: García Barbón (dende o nó de Isaac Peral), Policarpo Sanz e Porta do Sol.
- Remate: Elduayen.

- Desmontaxe: Paseo de Alfonso.

28(2088).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trece minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.